

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CEIP Plurilingüe de
Centieiras

R/Centieiras, s/n - Perlío
15500 Fene - A Coruña
Tel. 881930 134
ceip.ascentieirasedu.xunta.es



ÍNDICE:

1. Introducción:
2. Obxectivos específicos para o curso académico. Medidas a desenvolver para a súa consecución. Recursos previstos para o efecto.
3. Concreción anual do Proxecto Educativo (PE)
4. Modificación do PE, se é o caso.
5. Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado con NEE.
6. Cadro de organización pedagóxica.
7. Plan de actuación dos órganos colexiados.
8. Plan de actuación do equipo directivo.
9. Xornada escolar e horario do centro.
10. Quenda de vixilancia dos recreos.
11. Programación e calendario dos órganos de goberno.
12. Programación e calendario das reunión dos órganos de coordinación docente.
13. Participación do profesorado do centro en programas de innovación educativa.
14. Libros de texto e demais materiais curriculares establecidos no centro.
15. Programa anual de actividades complementarias e extraescolares.
16. Plan de autoprotección / modificacións / a observación de que segue vixente.
17. Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente.
18. Horario de atención ao público.
19. Plan para a potenciación e organización das relacións da comunidade coa familia.
20. Plan de transporte escolar.
21. Regulamento da organización do comedor
22. Plan de utilización das instalacións do centro.
23. Plan de actividades propostas pola ANPA.
24. Plan xeral de avaliación do centro.
25. Programas ou plans anuais de lectura (tendo como referencia o proxecto lector do centro)
26. Pautas e/ou criterios xerais sobre o uso de tarefas extraescolares.
27. Proxecto lingüístico.
28. Actividades que se van a desenvolver para o fomento e dinamización da lingua galega.



29. Concreción do Plan xeral de atención á diversidade
30. Concreción do Plan de convivencia.
31. Accións de mellora derivadas da análise de resultados das avaliacións individualizadas.
32. Guía de intervención para a mellora, elaborada a partir da análise dos resultados.
33. Mecanismos de seguimento e avaliación do programa plurilingüe.
34. Mecanismos de seguimento e avaliación dos auxiliares de conversa.
35. Contratos programa.
36. Anexos

1. Introdución:

O noso centro atópase na localidade de Perlío, pertencente ao concello de Fene, no noroeste da provincia de A Coruña.

A maior parte do noso alumnado convive coa súa nai e co seu pai, e con outros familiares, como avós ou avoas ou tíos/as, formando un núcleo familiar típico. Sen embargo, nos últimos anos estase a observar un incremento de familias monoparentais.

Segundo o estudio sociolingüístico levado a cabo na zona, conclúese que a meirande parte da poboación ten como lingua materna e vehicular o castelán.

Entre as infraestruturas do concello cabe salientar instalacións deportivas, como pavillón polideportivo e piscina, e instalacións culturais, como biblioteca, casa da cultura, Museo do Humor e edificio de servizos múltiples. A maioría destas infraestruturas atópanse centralizadas na vila.

O CEIP Plurilingüe de Centieiras conta no presente curso con 178 alumnos e alumnas de Educación Infantil e Primaria, distribuídos en 11 unidades como segue:

- 1 grupo do 4º nivel de Educación Infantil.
- 1 grupo do 5º nivel de Educación Infantil.
- 1 grupo do 6º nivel de Educación Infantil.
- 1 grupo do 1º nivel de Educación Primaria.
- 1 grupo do 2º nivel de Educación Primaria.
- 1 grupo do 3º nivel de Educación Primaria.
- 1 grupo do 4º nivel de Educación Primaria.
- 2 grupos do 5º nivel de Educación Primaria.
- 1 grupos do 6º nivel de Educación Primaria.

O Claustro está integrado por 18 mestres e mestras. A Orientadora e a mestra de Relixión Católica son itinerantes sendo o seu centro base o noso; non é así coa mestra de Audición e Linguaxe, que pertence ao CPI A Xunqueira tamén é itinerante.

2. Obxectivos específicos para o curso académico. Medidas a desenvolver para a súa consecución. Recursos previstos para o efecto.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO	MEDIDAS A DESENVOLVER	RECURSOS PREVISTOS
Revisión das programacións didácticas	Reunións de traballo	Responsables: mestres/as de nivel e especialistas
Continuación co PFPP con 5 liñas: Biblioteca escolar Convivencia escolar e clima da aula. Plan Dixital do centro. Internacionalización dos centros educativos Deseño e desenvolvemento curricular no marco do modelo competencial.	Reunións de traballo e formación titorizada no centro	Claustro de profesorado
Revisión do Plan de Acción Titorial	Reunións periódicas	Equipo directivo DO CCP
Creación do Plan Dixital de Centro	Reunións periódicas	Equipo directivo DO CCP Claustro Consello Escolar
Revisión do plan de autoprotección	Reunións periódicas	CCP Protección civil



Dinamización dos recreos e instalacións e mellora dos patios de educación infantil e primaria.	Organización e creación de novos espazos de xogo, así como adquisición de material.	Claustro de profesorado
Utilización da Radio Escolar para dar a coñecer diversas actividades realizadas no centro.	Emisión periódica do programa de radio (Radio Fene)	Claustro de profesorado
Actualización da páxina web do centro.	Elaboración de montaxes fotográficas. Actualización de información relativa ao centro.	Equipo TIC en colaboración co resto do profesorado. Equipo directivo.
Solicitar a participación da ANPA en conmemoracións realizadas ao longo do curso escolar.	Deseño de actividades conxuntas (Magosto, xornada de Convivencia...)	ANPA Equipo directivo. Consello Escolar. Claustro de profesorado.
Dinamización da biblioteca e do centro en relación aos obxectivos sinalados no PLAMBE.	Organización de actividades para desenvolver o plan anual de lectura e o proxecto lector de centro. Coordinación do PDI. Programa biblioteca creativa.	Equipo de biblioteca. Claustro de profesorado. Equipo directivo.
Impulsar a idea de centro a través da organización dun Proxecto documental integrado.	Deseño de actividades. Saídas educativas. Charlas. Proxeccións. Adquisición de recursos.	Equipo de biblioteca



Promoción de hábitos de vida saudables	Charlas informativas Andainas e actividades deportivas Promoción dunha alimentación saudable e variada nos recreos Contratos Programa liña Edusaúde	Claustro de profesorado Equipo directivo Comunidade educativa
Mellorar a convivencia escolar no centro	Actividades transversais Proxectos Charlas Contratos Programa: Convíve-T	Claustro de profesorado Equipo directivo Comunidade educativa
Fomentar a igualdade de oportunidades e a educación feminista	Actividades transversais Proxectos Charlas Contratos Programa: Iguala-T	Claustro de profesorado Equipo directivo Comunidade educativa
Mellorar a competencia dixital do centro	Programa E-Dixgal Aulas virtuais Robótica na aula: actividades transversais e materias de libre configuración en 4º e 6º EP	Claustro de profesorado Equipo directivo Comunidade educativa
Cambio metodolóxico na educación infantil: ambientes de aprendizaxe.	Formación de profesorado Proxectos Transformación de espazos educativos Contratos Programa: Eduinnova.	Claustro de profesorado Equipo directivo Comunidade educativa

3. Concreción anual do Proxecto Educativo (PE)

As accións descritas no apartado anterior consolidan o cambio educativo e metodolóxico aprobado no Proxecto Educativo do 26 de xuño de 2020. A colaboración coas familias, a atención á diversidade, a non discriminación e a innovación educativa son piares fundamentais do noso centro.

A consolidación do programa E-Dixgal en 5º e 6º de educación primaria, o uso das aulas virtuais, a robótica de aula en actividades transversais e materias de libre configuración en 4º e 6ºEP, a creación da aula STEM e a aula de croma afirman a aposta do claustro de profesorado coas TICS.

O cambio metodolóxico en educación infantil, substituíndo os recantos educativos por ambientes de aprendizaxe onde o alumno/a é protagonista da súa aprendizaxe movéndose libremente a través dos seus intereses atende á formación integral das persoas dende unha perspectiva tolerante, integral, personalizada e que satisface as necesidades individuais.

Debido á situación sanitaria actual, adaptáronse as medidas educativas incluídas no Plan Covid de centro, permitindo este ano recuperar algunhas actividades esenciais coma o voluntariado de biblioteca, os contacontos ou a participación das familias na vida diaria do centro; sempre tendo en conta a seguridade sanitaria.

Actividades como os amadriñamentos lectores quedan á espera da evolución do virus, así como os patios dinámicos verticais, xa que de momento non se poden mesturar distintos niveis educativos.

4. Modificación do PE, se é o caso.

O Proxecto Educativo foi aprobado o pasado curso escolar, polo que non compete facer revisión del neste ano escolar, exceptuando que se produza unha

petición por parte de calquera sector da comunidade educativa a través do consello escolar tal e como recolle no seu punto último dito documento.

Sen embargo, todos aqueles aspectos que entren en contradición co plan de adaptación á situación Covid-19 no CEIP Plurilingüe de Centieiras deberán quedar en pausa por motivos sanitarios á espera de que a situación volva á normalidade.

5. Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado con NEE.

A atención á diversidade debe contemplar actuacións para a totalidade do alumnado, non só para aquel con necesidades educativas especiais. Debe establecer criterios para os apoios, incidir na adscrición dos titores e titoras e ter en consideración o ámbito da dotación.

Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención o alumnado con NEE:

Como norma xeral, o profesorado adecuará o proceso de ensino e aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno ou nena, o que pode traducirse nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación familiar. Así, haberá alumnado que precisará exemplificacións, explicacións ou exercicios específicos, outro ao que lle haberá que encomendar certas responsabilidades, outro que necesitará estar nun grupo específico dentro da aula do que recibirá as axudas que precisa, outro ao que haberá que poñer frecuentemente en situación de éxito, etc.

Neste tipo de actuacións é preciso que o titor ou titora estableza unha rede coordinadora entre o profesorado do grupo (equipo docente), que coñeza a situación persoal de cada alumno e alumna, os principais datos evolutivos e de saúde, o estilo e o ritmo de aprendizaxe, que reflexione sobre a metodoloxía máis adecuada respecto do seu achegamento ao currículo, que analice as relacións que se establecen dentro e fóra da aula e a utilidade dos agrupamentos dentro da mesma, que demande asesoramento do Departamento de Orientación, etc.

É posible establecer dúas medidas de atención principais, dende o punto de vista académico:

Medidas ordinarias:

Entre as medidas ordinarias de atención a este alumnado que deben existir destacan:

- Reforzo educativo sen apoio: Medidas que o propio profesorado deseña e aplica con aqueles alumnos ou alumnas que teñen certas dificultades de seguimento da programación diaria, ben por exceso ou por defecto (traballos específicos de recuperación, traballos de ampliación...)
- Reforzo educativo con apoio por parte do profesorado ordinario: Medidas de atención ao alumnado con dificultades na aprendizaxe e atendidos por profesorado ordinario con horario de libre disposición.

No caso do apoio proporcionado polo profesorado que teña dispoñibilidade horaria, será a Xefatura de Estudos a que determine os horarios o comezo do curso, sempre cun carácter flexible.

Medidas extraordinarias:

Neste caso podemos incluír:

- As adaptacións curriculares significativas (reguladas pola Orde do 6 de outubro de 1995).
- Apoio por parte de especialistas en audición e linguaxe e/ou en pedagogía terapéutica.

Os criterios a ter en conta á hora de decidir que alumnos ou alumnas deben contar con apoio do profesorado especialista (AL e/ou PT) son os seguintes:

a) Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica.

- b) Atenderase ao alumnado obxecto dunha adaptación curricular individual.
- c) Continuarase cos apoios realizados no curso anterior, priorizando de 1º a 6º de educación primaria.
- d) En Educación Infantil só se apoiará en casos graves, determinados no correspondente informe psicopedagógico.
- e) Buscarase un apoio de calidade fronte a un de cantidade.
- f) Darase prioridade ao alumnado con reforzo educativo que repite curso.
- g) O apoio será, salvo casos que necesiten unha terapia individual moi específica, dentro da aula ordinaria.

6. Cadro de organización pedagóxica.

Anexo I

7. Plan de actuación dos órganos colexiados.

Claustro:

As reunións ordinarias do Claustro están establecidas no calendario incluído nos puntos 12 (Programación e calendario dos órganos de goberno) e 13 (Programación e calendario das reunións dos órganos de coordinación docente) da presente Programación Xeral Anual.

- Entre as principais actividades que realiza o Claustro salientamos:
- Realización de propostas para a PXA.
- Proposta de días non lectivos.
- Análise dos resultados das avaliacións.
- Toma de decisións sobre temas académicos e organizativos.

- Aprobación do orzamento e xustificación de gastos.
- Aprobación da Memoria final de curso.
- Organización de actividades encadradas en diferentes equipos docentes...

Consello Escolar :

As súas reunións ordinarias establécense no calendario recollido nos epígrafes 11 e 12 da presente PXA.

No actual curso a constitución do Consello queda da seguinte forma ao haber baixas tanto nos representantes do profesorado como dos pais/nais e ter que recurrir ás persoas que quedaron en reserva nas últimas eleccións.

No presente curso farase a renovación parcial do órgano, a través da convocatoria de eleccións ao consello escolar no mes de novembro.

Presidenta	Iria González Grande
Xefa de estudos	Silvia M ^a Filgueira Pena
Secretaria	Sabela Paz Romero
Representante do concello	Juana Barro Couto
Representantes de profesorado	María Cristina Acevedo Varela María Teresa Carpena Eiroa María del Carmen Leira Moreno Ana Barro Casas
Representantes das familias	Alejandra Moure Fernández M ^a Yolanda Ares Bao M ^a Carmen Caballero Nogales Isaura Castro Arnos
Representante da ANPA	Leticia Trillo González
Representante do persoal non docente	Nicolás Castro Sánchez

8. Plan de actuación do equipo directivo.

Actuacións en relación coa organización e o funcionamento do centro:

- Coordinación e dinamización das diferentes estruturas de organización do centro tales como equipos de ciclo, equipos de dinamización, CCP...
- Revisión e actualización de diferentes documentos: PAT, Plan de Autoprotección...
- Elaboración de informes de distinta índole e envío de documentación.
- Expedición de certificados a petición dos/as interesados/as.
- Redacción de actas dos órganos colexiados e custodia de arquivos.
- Coordinación e elaboración da PXA e a Memoria de centro.
- Convocatoria de Claustros e Consellos Escolares.
- Solicitud de arranxos de deficiencias no centro.
- Tramitación de bolsas do alumnado.
- Solicitud, seguimento e avaliación dos distintos plans de innovación nos que está inmerso o centro educativo.
- Coordinación do equipo Covid-19 do centro, centralizando todas as incidencias e medidas a desenvolver
- Elaboración do orzamento e peche de contas anuais.
- Matriculación de alumnado.
- Execución e seguimento dos acordos tomados na CCP, Claustro e Consello Escolar.
- Organización dos recursos materiais.
- Representación do centro.

Actuacións en relación coa convivencia entre os diferentes membros da Comunidade Educativa:

- Celebración da Xornada de Convivencia a final de curso, se a situación o permite.
- Participación do centro en actividades propostas polo Concello.
- Colaboración coa ANPA na celebración de distintas conmemoracións e festividades ao longo do curso.

Actuacións en relación coa colaboración con diferentes organismos e institucións:

- Colaboración coa UDC e USC para a realización da fase de Practicum dos estudantes desas universidades.
- Colaboración con asociacións deportivas e culturais da zona.
- Colaboración coa asociación Lupo a través do plan de formación do centro

9. Xornada escolar e horario do centro.

O horario lectivo durante este curso escolar será de 9:00 a 14:00 coa excepción de **educación infantil que entrará ás 9:10 e sairá ás 13:50h.**

A distribución horaria será a seguinte:

1ª sesión	De 9:00 a 9:50
2ª sesión	De 9:50 a 10:40
3ª sesión	De 10:40 a 11:30
Recreo	De 11:30 a 12:00
Hora de ler	De 12:00 a 12:30
4ª sesión	De 12:30 a 13:15
5ª sesión	De 13:15 a 14:00

Todo o profesorado asistirá, de forma telemática (debido á situación derivada da COVID-19), ás reunións establecidas os martes en horario de 16:00 h a 19:00 h, segundo o calendario de reunións dos órganos de goberno e coordinación docente dos puntos 11 e 12 desta PXA.

As actividades extraescolares desenvólvense de luns a venres de 16:00 a 17:30. Haberá un equipo de profesores e profesoras que permanecerá no centro de 16:00 a 18:00.

Por razón de tradición, costume ou conveniencia pedagóxica, os días non lectivos solicitados á Xefatura Territorial son o 7 de decembro de 2021 e o 16 de maio de 2022.

10. Quenda de vixilancia dos recreos.

Biblioteca	Sabela	Maca	Andrea	Sabela	Cris
Oficina e baños	Isa	Abel	Abel	Abel	Gloria
Recreo infantil	Teresa Teri Lorena	Fina Teri Bea	Fina Maca Bea	Fina Teri Bea	Silvia Lorena Maca
Recreo primaria	Bibi Cris Carmen	Andrea Alberto Teresa	Isa Carmen Ana	Teresa Alberto Cris	Isa Iria Ana

11. Programación e calendario dos órganos de goberno.

Por determinar.

12. Programación e calendario das reunión dos órganos de coordinación docente.

Ao comezo de cada trimestre, o profesorado do centro recibirá un calendario coas reunións que se levan a cabo durante o mesmo cada martes pola tarde. Como mostra, incluímos o calendario do primeiro trimestre:

CALENDARIO MARTES TARDE (1º TRIMESTRE)

<p>5 Outubro</p> <p>16:00h Atención a familias 17:00h CCP 18:00h Reunión ciclos 19:00 Equipo biblioteca</p>	<p>2 Novembro</p> <p>16:00h Atención a familias 16:30 Comisión de biblioteca C.E. 17:00 Comisión convivencia</p>	<p>14 Decembro</p> <p>16:00h Avaliacións infantil</p>
<p>19 Outubro</p> <p>16:00h Atención a familias 17:00 Reunión equipos 18:00 Reunión profesorado 18:30 Claustro PXA 19:15 Consello escolar PXA</p>	<p>9 Novembro</p> <p>16:00h Atención a familias. 17:00h Ciclos 18:00h DO</p>	<p>15 Decembro</p> <p>16:00h Avaliacións primaria</p>
<p>26 Outubro</p> <p>16:00h Atención a familias</p>	<p>16 Novembro</p> <p>16:00h Atención a familias 17:00h Equipos 18:00h CCP</p>	<p>16 Decembro</p> <p>16:00h Comisión económica</p>
	<p>23 Novembro</p> <p>16:00h Atención a familias. 17:00h Eleccións Consello Escolar</p>	<p>21 Decembro</p> <p>Traballo no centro</p>

	29 Novembro 16:00h Atención a familias 17:00h Reunión Nadal	
	30 Novembro 16:00h Atención a familias 17:00h Consello escolar - constitución 18:00 Reunión Nadal	

13. Participación do profesorado do centro en programas de innovación educativa.

Este ano por primeira vez o plurilingüismo abrangue de 1º a 6º de educación primaria con Arts&Crafts.

Por problemas co catálogo de profesorado, modificouse a materia de libre configuración de 6º de educación primaria de iniciación ao francés a robótica.

A materia de libre configuración de 4º de educación primaria segue a ser investigación, tratamento da información e robótica.

Por outra banda, o PFPP de este ano inclúe cinco liñas, unha delas imposta pola administración (Plan Dixital de Centro) e dúas son requisito fundamental para participar nos contratos programa Eduinnova e Edusaúde. As outras dúas liñas son as relacionadas con biblioteca creativa - Plambe e a de internacionalización, dada a alta demanda de participación nos programas Erasmus+ do claustro de profesorado.

14. Libros de texto e demais materiais curriculares establecidos no centro.

Os libros de texto e materiais curriculares necesarios foron publicados na web do centro antes do inicio do curso por petición das familias para facilitar a organización.

En educación infantil non se utilizan libros de texto xa que a metodoloxía empregada é baseada en proxectos e ambientes de aprendizaxe, que fomentan a experiencia e están baseadas nos intereses do alumnado e a curiosidade.

A relación de libros de texto en educación primaria é a seguinte:

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2021/2022						
1º Educación Primaria						
Código de Centro: 15022981			Denominación do Centro: CEIP PLURILINGÜE DE CENTIEIRAS			
Enderezo: Centieiras s/n, Perlió			Concello: Fene. Provincia: A Coruña			
Correo electrónico: ceip.ascentieiras@edu.xunta.es			Teléfono: 881930134			

Área/Materia	Título	Autoría	Editorial	Ano de publicación	ISBN	Lingua de edición
Matemáticas	Pieza a pieza	Equipo Editorial	Anaya	2019	978-84-698-3801-3	Castelán
Lingua Castelá	LENGUA +. Tareas y destrezas comunicativas.	Equipo Editorial	Santillana	2018	9788468067476	Castelán
Lingua Inglesa	KIDS CANI 1 Essential Ab ePk	Equipo Editorial	Macmillan E.L.T.	2021	978-1-380-07338-9	Inglés
Relixión Católica	1º Primaria Amistad	Equipo Editorial	Anaya	2018	978-84-698-4006-1	Castelán

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2021/2022						
2º Educación Primaria						
Código de Centro: 15022981			Denominación do Centro: CEIP PLURILINGÜE DE CENTIEIRAS			
Enderezo: Centieiras s/n, Perlió			Concello: Fene. Provincia: A Coruña			
Correo electrónico: ceip.ascentieiras@edu.xunta.es			Teléfono: 881930134			

Área/Materia	Título	Autoría	Editorial	Ano de publicación	ISBN	Lingua de edición
Matemáticas	Pieza a pieza	Equipo Editorial	Anaya	2019	978-84-698-3807-5	Castelán
Lingua Castelá	LENGUA +. Tareas y destrezas comunicativas.	Equipo Editorial	Santillana	2018	9788468067490	Castelán
Lingua Inglesa	KIDS CANI 2 Essential Ab ePk	Equipo Editorial	Macmillan E.L.T.	2021	978-1-380-07340-2	Inglés
Relixión Católica	2º Primaria Amistad	Equipo Editorial	Anaya	2018	978-84-698-4009-2	Castelán

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2021/2022

3º Educación Primaria

Código de Centro: 15022981	Denominación do Centro: CEIP PLURILINGÜE DE CENTIEIRAS
Enderezo: Centieiras s/n, Perlío	Concello: Fene. Provincia: A Coruña
Correo electrónico: ceip.ascentieiras@edu.xunta.es	Teléfono: 881930134

Área/Materia	Título	Autoría	Editorial	Ano de publicación	ISBN	Lingua de edición
Matemáticas	3º primaria Matemáticas SHContigo	Equipo Editorial	Santillana	2018	978-84-141-1186-4	Castelán
Lingua Castelá	3º primaria Lingua SHContigo	Equipo Editorial	Santillana	2018	978-84-680-4738-6	Castelán
Lingua Galega	3º primaria Lingua Saber Facer Contigo	Equipo Editorial	Obradoiro	2020	978-84-9185-228-5	Galego
Lingua Inglesa	KIDS CAN! 3 Essential Ab&ExtraFun ePk	Equipo Editorial	Macmillan E.L.T.	2021	978-1-380-05293-3	Inglés
Cc. Naturais	Ciencias Naturais 3	Equipo Editorial	Anaya	2020	978-84-698-6705-1	Galego
Cc. Sociais	Ciencias Sociais 3	Equipo Editorial	Anaya	2020	978-84-698-6715-0	Galego
Relixión Católica	3º Primaria Amistad	Equipo Editorial	Anaya	2018	978-84-698-4295-9	Castelán

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2021/2022

4º Educación Primaria

Código de Centro: 15022981	Denominación do Centro: CEIP PLURILINGÜE DE CENTIEIRAS
Enderezo: Centieiras s/n, Perlío	Concello: Fene. Provincia: A Coruña
Correo electrónico: ceip.ascentieiras@edu.xunta.es	Teléfono: 881930134

Área/Materia	Título	Autoría	Editorial	Ano de publicación	ISBN	Lingua de edición
Matemáticas	Matemáticas 4 Saber Hacer	Equipo Editorial	Santillana	2015	978-84-830-5609-7	Castelán
Lingua Castelá	Lingua 4 Saber Hacer	Equipo Editorial	Santillana	2015	978-84-680-2956-6	Castelán
Lingua Galega	Lingua 4 Saber Facer	Equipo Editorial	Obradoiro-Santillana	2015	978-84-9972-616-8	Galego
Lingua Inglesa	HEROES 4 Ab (SRP&PPK) Pk	Equipo Editorial	Macmillan E.L.T.	2020	9780230493438	Inglés
Cc. Naturais	Ciencias Naturais 4 Saber Facer	Equipo Editorial	Obradoiro-Santillana	2015	978-84-9972-600-7	Galego
Cc. Sociais	Ciencias Sociais 4 Saber Facer	Equipo Editorial	Obradoiro-Santillana	2015	978-84-9972-714-1	Galego
Relixión Católica	4º Primaria Aprender es Crecer	Equipo Editorial	Anaya	2015	978-84-678-8395-4	Castelán

En 5º e 6º de educación primaria non se utilizan libros de texto por formar parte do programa de innovación educativa E-Dixgal.

15. Programa anual de actividades complementarias e extraescolares.

Dende os equipos de ciclo, se organizarán saídas pola contorna e propostas educativas coas que complementar a acción formativa do centro que se engloban no **Anexo II**.

16. Plan de autoprotección / modificacións / a observación de que segue vixente.

Unha vez revisado durante o curso 2020-2021 coa axuda de Protección Civil de Fene e realizado un simulacro de evacuación, se nos fixeron as seguintes recomendacións:

- A alarma debe poder ser accionada dende todas as plantas do centro (solucionado)
- O alumnado debe baixar totalmente en silencio

Recollidas as propostas de mellora e tendo en conta o plan Covid para facer as modificacións oportunas, emplázannos a facer un novo simulacro no curso 2021-2022.

17. Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente.

O centro está aberto dende as 7:30h da mañá, hora á que abre as portas o conserxe ata as 14:15h. Pola tarde ábrese ás 16:00h para que comencen as actividades extraescolares e para abrir a biblioteca ás familias e alumnado en horario de 16 a 18h.

Dependendo da organización da ANPA, unha persoa faise cargo do alumnado inscrito en Madrugadores, de 7:45 a 9:00 e outra persoa é a encargada da atención do servizo de comedor, de 14:00h a 16:00h.

Hai tres persoas encargadas da limpeza do centro coa seguinte xornada laboral motivada pola situación de pandemia actual:

- De 14:00 a 21:48
- De 11 a 12:48
- De 18:10 a 20:34

18. Horario de atención ao público.

O horario de atención ao público é o que aparece no seguinte cadro:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-9:50	DIRECCIÓN XEFATURA		DIRECCIÓN	SECRETARÍA XEFATURA	
9:50-10:40	SECRETARÍA		SECRETARÍA		
10:40-11:30					
11:30-12:00	Atención telefónica	Atención telefónica	Atención telefónica	Atención telefónica	Atención telefónica
11:30-12:00					
13:15-14:00					

19. Plan para a potenciación e organización das relacións da comunidade coa familia.


Para fomentar a comunicación entre as familias e a escola, as familias e o profesorado dispoñen de:

- **Reunión previa 4º Ed. Infantil:** no mes de xuño convócase ás familias que matriculan aos seus fillos e fillas por primeira vez, coa finalidade de establecer unhas pautas previas á citada escolarización. Si é posible informamos das datas e quendas establecidas para o período de adaptación, que serán de obrigado cumprimento.
- Unha **reunión xeral por nivel** a principio de curso na que se lles informa, entre outros, dos seguintes aspectos:


- Calendario escolar.
- Horarios e titorías.
- Actividades complementarias, impresos e autorizacións a cubrir, etc.
- Pasos a seguir na tramitación de calquera inqueda da familia relativa ao contexto académico ou escolar do seu fillo/a.
- **Reunións semanais de titoría.** Na medida do posible os pais/nais solicitarán a través do alumno/a cita previa. Isto permite optimizar tempos e recadar información do profesorado especialista e de apoio, se os houbera. Este curso como medida extraordinaria debido á COVID-19 estas titorías serán preferentemente telemáticas.
- A **ANPA** é unha valiosa canle de comunicación entre as familias e o centro.
- Puntualmente o centro solicita ás **familias que participen e axuden** na elaboración de recursos, a mellora dos espazos do centro ou calquera outra actividade que sexa necesaria.
- **Conferencias** que se imparten no centro ás que se convidan ás familias.
- A **páxina web** do centro. Noticias, avisos e aula virtual do centro.
- As **comunicacións escritas** enviadas a través do alumnado.
- O **taboleiro de anuncios**, onde se informa das convocatorias das diferentes subvencións, da apertura do prazo de admisión e doutros eventos que terán lugar.
- Aplicación **Abalar móbil**. O Equipo Directivo enviará información por escrito ás familias cando se considere preciso a través desta canle.
- A **Xornada de Convivencia**, un día de encontro de toda a Comunidade Educativa que se celebra a final de curso.

20. Plan de transporte escolar.

Tendo en conta a próxima renovación das liñas do transporte escolar, estas quedarán como seguen:



<p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL Secretaría Xeral Técnica</p>	<p>Contrato: ED15099 ARES - FENE - MUGARDOS - NARÓN - NEDA</p>	<p>RECORRIDO DE LA RUTA</p> <p>Legenda</p> <ul style="list-style-type: none"> Limite Concello Itinerario ● Parada ■ Centro Educativo
	<p>Ruta: ED150919 CORREOS - CPIA XUNQUEIRA</p>	



<p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL Secretaría Xeral Técnica</p>	<p>Contrato: ED15099 ARES - FENE - MUGARDOS - NARÓN - NEDA</p>	<p>RECORRIDO DE LA RUTA</p> <p>Legenda</p> <ul style="list-style-type: none"> Limite Concello Itinerario ● Parada ■ Centro Educativo
	<p>Ruta: ED150920 GANDARA - CEIP DE CENTIEIRAS</p>	

Estas rutas non reflexan todas as paradas que actualmente están en uso polo que se solicitou á consellería a inclusión das paradas non reflexadas nos contratos das novas rutas. Algunhas delas non poden ser incluídas por estar a menos de 2km do centro, polo que estamos á espera da resolución e dos contratos definitivos.

O alumnado de educación infantil e primaria con dereito a transporte acada os 21 usuarios.

Á primeira hora o alumnado chega á porta do recinto escolar, onde hai unha mestra de garda, acompañado por unha coidadora e, unha vez alí, o alumnado espera no lugar designado no interior do centro a que suba a súa fila, á cal se incorpora cando esta sube á súa aula.

Á hora da saída, o alumnado de educación primaria baixa acompañado polo conserxe ata a planta baixa onde se reunen todos coa mestra de garda e as 14h saen acompañados do centro ata que son entregados/as ás persoas coidadoras do autobús.

21. Regulamento da organización do comedor

Anexo III

22. Plan de utilización das instalacións do centro.

Nos últimos anos a necesidade de mellora e actualización das instalacións do centro foi unha das preocupacións centrais do equipo directivo, claustro de profesorado e comunidade educativa en xeral. A participación en programas de innovación como #mestradeobra e a colaboración co CFR de Ferrol, iniciativas de profesorado como “Achegando as institucións á escola” e a boa disposición da Xefatura Territorial de Educación da Coruña e o Concello de Fene conseguiron que teñamos actualizada a área de educación infantil e o comedor do centro. Así mesmo, para este ano temos en proxecto a instalación de un ascensor e as instalacións de accesibilidade que permitan que Centieiras sexa un centro accesible

a todos e todas. A maiores, a apertura da biblioteca ao exterior é un punto central do noso proxecto educativo, reforma que está en proceso de realización.

Aínda así, queda moito por facer nun centro que data do 1970 e que a penas tivo reformas ata hai tres anos. Existen fallas estruturais que están documentadas no informe de xullo de 2021 sobre o estado do centro que é necesario paliar para poder ofertar unha educación de calidade nunhas instalacións que cumpran coa normativa vixente. Dende o equipo directivo seguiremos a expoñer e a solicitar a reparación de todas estas carencias aos organismos competentes.

23. Plan de actividades propostas pola ANPA.

Anexo IV

24. Plan xeral de avaliación do centro.

A avaliación do centro realizarase a través da Memoria Final de curso na que tanto os diferentes ciclos como equipos de dinamización, así como a ANPA, farán propostas de mellora para o vindeiro curso.

25. Programas ou plans anuais de lectura (tendo como referencia o proxecto lector do centro)

Anexo V

26. Pautas e/ou criterios xerais sobre o uso de tarefas extraescolares.

As tarefas extraescolares enténdense como complementarias do traballo da aula e nunca como substitutivas deste. Estas tarefas deben estar adaptadas ás peculiaridades do alumnado, promovendo o traballo autónomo, a creación de rutinas e a valoración do esforzo. Dado que se pretende un traballo autónomo que xere responsabilidade e favoreza a autoestima e a confianza do alumnado, deberán axustarse aos obxectivos ao alcance dos nenos e nenas. Poderán establecerse tarefas en todos os cursos de ensino primario, con incrementos graduados de tempo

segundo a idade, e sempre de xeito coordinado entre o equipo docente, buscando o equilibrio diario e evitando a concreción de deberes.

27. Proxecto lingüístico. Actividades que se van a desenvolver para o fomento e dinamización da lingua galega.

OBXECTIVOS

Tendo en conta o amplo abano de accións e sectores que poden estar presentes nun mesmo obxectivo, dada o carácter transversal da normalización da lingua, poderíamos precisar os seguintes obxectivos.

1. En canto á situación sociolingüística:

- Sensibilizar á sociedade sobre a nosa problemática socio-lingüística.
- Prestixiar o galego como lingua propia de Galicia e como lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos.
- Favorecer o desenvolvemento da nosa cultura potenciando as súas manifestacións populares máis características.
- Desenvolver hábitos de lectura e escritura na nosa lingua.
- Difundir as máis actuais manifestacións literarias e musicais da cultura galega.

2. En canto ao profesorado:

- Levar a cabo pequenas iniciativas individuais e colectivas que favorezan un cambio de actitude respecto ao idioma.
- Incentivar o uso do galego nas aulas, exercendo de mediadores activos a favor da lingua.
- Fomentar o uso progresivo do galego dende a Educación Infantil.
- Promover medidas favorables para conseguir equiparar o nivel de competencia do alumnado en lingua galega e castelá.

3. En canto á situación do alumnado:



- Facer visible a nosa cultura atendéndolle ás súas diferentes manifestacións.
- Empregar a lingua galega ao remate da etapa educativa, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade real co castelán.
- Concienciar ao alumnado das vantaxes culturais que se desprenden do coñecemento das linguas.
- Favorecer a autonomía de grupos na potenciación de programas escolares activos.
- Transcender os límites do centro educativo, levando a práctica da aprendizaxe a toda a comunidade, e aos seus integrantes.

4. En canto á situación lingüística do Centro:

- Empregar con carácter xeral a lingua galega, fomentando o seu uso tanto oral coma escrito.
- Participar en actividades lingüísticas promovidas por entidades públicas ou privadas, tendentes a potenciar a lingua galega.
- Crear hábitos de aprendizaxe para dignificar a nosa lingua.
- Acadar o aprecio pola cultura propia, como punto de partida, para o respecto á pluralidade cultural da nosa sociedade.

ACTIVIDADES

Tendo en conta os obxectivos establecidos anteriormente planificáronse as seguintes actividades que buscarán implicar á totalidade do alumnado e profesorado do centro, así como ao resto da Comunidade Educativa.

O NOSO MEDIO

- Percorrido explicativo por todas as dependencias do colexio (para alumnos e alumnas, e para os pais e as nais de nova escolarización).
- Saídas educativas do alumnado para coñecer a nosa contorna, e/ou os cambios que nela se producen.

- Viaxes educativas para participar en actividades culturais e académicas dentro da nosa comarca, a fin de acadar a observación directa das características singulares do noso medio.
- Participación das familias do alumnado do colexio en diversas actividades dirixidas a favorecer o coñecemento dos gostos, dotes ou aptitudes do alumnado do centro a través da actividade “**Cóntoche?**”

AS NOSAS TRADICIÓNS

- **Magosto.**
 - Investigarase sobre as nosas tradicións e costumes, para chegar a celebrar a festa do magosto como festa de degustación das castañas e festa de relación tradicional.
 - Realización de obradoiros nas aulas.
- **Día do Peón.**
 - Celebración coa elaboración de buxainas con diferentes materiais (cartolina, cd, tapóns de plástico...) e demostración das nosas habilidades á hora de bailalos.
- **Nadal.**
 - Elaboración dun tríptico no que se recomenden os libros como agasallo de Nadal, orientando sobre títulos tanto de poesía, narrativa e música galega tendo en conta os diferentes niveis educativos.
 - Festa do Nadal: celebración desta festa cunha pequena felicitación de Nadal telemática.
- **Entroido.**
 - Comezaremos coa elaboración de mandados que posteriormente deixará a bruxa Encarnación, que estará colocada no corredor principal do centro.
 - Levarase a cabo tamén (se a situación sanitaria o permite) un desfile formado polos nenos/as e profesores/as do cole polas rúas do noso concello, disfrazados. Continuaremos a xornada festiva dentro do recinto escolar coa degustación de produtos típicos destas datas.



Tentarase tamén a participación de comparsas do centro nos desfiles de mércores de cinza dentro das actividades programadas para a celebración do Entroido polo Concello de Fene.

- **Maios e Letras Galegas.**

- Actividades culturais diversas durante o mes de maio que terán como final a elaboración de maios.
- Durante a semana adicada á celebración das Letras Galegas, recitaranse e ilustraranse diferentes obras do autor/a homenaxeado.
- Elaborarase un tríptico con recomendacións de lecturas en galego para os diferentes niveis, culminando así as diferentes actividades realizadas en torno a este autor.
- Participación no **Correlingua 2022**.

CELEBRACIÓN DATAS SINALADAS

- **Día de Rosalía.** Lectura de poemas de Rosalía xunto coa ilustración dun dos seus poemas elixido por cada grupo/aula.
- **Día da Paz.** Realización de distintas actividades para conmemorar esta data: decoración do vestíbulo con murais e lectura na biblioteca dun manifesto pola Paz. A continuación os nenos e nenas do centro participarán en xogos cooperativos baseados na nosa tradición.

VARIOS

- **En coordinación co equipo da biblioteca** ao longo do curso traeranse ao centro (para contar contos, charlar cos cativos/as, intercambiar ideas...) a algúns dos autores dos libros en lingua galega recomendados polos titores e realizaranse distintas actividades conxuntas para promover o uso da lingua galega desde a biblioteca de centro.
- Este curso seguiremos coa 15ª edición do programa de radio AS CRÓNICAS DE CENTIEIRAS, en Radiofusión (107,7 FM), Radio Fene.



- Recollida mensual de pequenas gravacións de vídeo que traerá o alumnado da casa explicando os seus gustos, dotes e aptitudes baixo o título: ***Cóntoche ...que saben meus avós?***
- ***“A miña palabra favorita”***. Nunha plantilla cada mes o alumnado traerá unha palabra que lle guste, escrita en galego e cun debuxo. Traballarase na clase as palabras e escollerase a palabra que máis nos gusta. Colgaremos na páxina web as palabras favoritas elexidas en cada clase.

A planificación e realización de todas estas actividades poderá verse alterada en función de como vaia evolucionando a situación sanitaria actual.

28. Concreción do Plan xeral de atención á diversidade

Anexo VI

29. Concreción do Plan de convivencia.

O Plan de Convivencia do centro foi analizado e revisado polos órganos competentes durante o curso 2020-2021. Este curso como complemento á acción do Plan de Convivencia e á comisión de Convivencia, participaremos nun contrato Programa desenvolvendo actividades que fomenten un bo clima nas aulas e mellorando a convivencia, a resolución de problemas e a asertividade na resolución de conflitos.

30. Accións de mellora derivadas da análise de resultados das avaliacións individualizadas.

Non compete durante este curso escolar xa que non se realizaron as probas durante o curso 2020-2021.

31. Guía de intervención para a mellora, elaborada a partir da análise dos resultados.

A maior parte do noso alumnado non se presenta a ditas probas, nin ás de 3ºEP nin ás de 6º de E.P cando somos seleccionados como centro mostral, polo que os seus resultados non son significativos.

32. Mecanismos de seguimento e avaliación do programa plurilingüe.

Dentro do proxecto plurilingüe avalíanse tres aspectos distintos: o propio proxecto, a práctica docente e o alumnado.

- Con respecto ao proxecto plurilingüe revísase nas coordinacións semanais a adecuación da programación co fin de corrixir ou axustar aspectos que poden contribuír a melloralo.
- No que se refire á práctica docente, nas reunións compártense novos materiais, recursos, experiencias, dificultades que xorden e o xeito de superalas. Tamén se revisa a metodoloxía.
- Con respecto ao alumnado, a avaliación é globalizada e continua. Valóranse moito a participación do alumnado, as interaccións coa mestra ou auxiliar de conversa en lingua inglesa, incluso as interaccións entre eles de xeito espontáneo. Para avaliar estes aspectos o mecanismo utilizado é a observación e a análise destes aspectos nas reunións semanais de coordinación de plurilingüismo.

33. Mecanismos de seguimento e avaliación dos auxiliares de conversa.

Temos en conta para a súa avaliación a participación na aula, o nivel de colaboración, se ten iniciativa, se promove o ensino da cultura do seu país de orixe, se participa nas actividades propostas pola persoa coordinadora e todos aqueles aspectos que figuren no protocolo de avaliación da persoa auxiliar de conversa.

34. Contratos programa.

Este ano participamos nos contratos programa participando en catro liñas:



- Eduinnova
- Edusaúde
- Convíve-T
- Iguala-T

Eduinnova e Edusaúde estarán integradas no PFPP do centro. Todas as liñas estarán integradas no PDI e se realizarán as actividades programadas nas bases do proxecto concedido e serán transversais durante todo o curso.

Esta PXA foi aprobada en Claustro e Consello Escolar en sesións ordinarias o 19 de outubro de 2021.

A secretaria

Sabela Paz Romero

A directora

Iria González Grande



35. Anexos

- Anexo I: Cadro de organización pedagóxica
- Anexo II: Programa anual de actividades complementarias e extraescolares
- Anexo III: regulamento da organización do comedor
- Anexo IV: Plan de actividades propostas pola ANPA
- Anexo V: Plan anual de lectura
- Anexo VI: Plan Xeral de atención á diversidade
- Anexo VII: Plan actuación TICS
- Anexo VIII: Concreción de ciclos



Anexo I: Cadro de organización pedagóxica

O cadro de organización pedagóxica do centro queda como segue:

NIVEL	CICLO	CURSO	ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE							UNIP.			
			COOR CICLO	CC P	ED L	EACE	DO	BIBLIO	TICS				
INFANTIL	2º CICLO												
		4º				X							
		5º	X	X			X	X					
		6º			X						X		
		APOIO		X	X					X.E.	X	X	
PRIMARI A	1º CICLO	1º	X	X			X	X					
		2º							X				
	2º CICLO	3º		X	X						X		
		4º	X	X			X	X			X		X
	3º CICLO	5ºA				X							
		5ºB	X	X			X	X			X		
		6º							X				
ESPECIALISTAS		INGLÉS		X					X	DIR	X	X	X
		MÚSICA		X				X		SECR	X		X
		RELIX				X							
		ORIENT		X	X		X					X	
		PT		X			X	X					
		AL					X						
		E.F.							X			X	

Anexo II: Programa anual de actividades complementarias e extraescolares

O equipo de actividades complementarias e extraescolares está formado por:

- Bibiana Grandal Mourente.
- Beatriz Gamallo Permuy.
- Teresa María Anca Ardao.

Encargarase de organizar as seguintes celebracións:

- 25 de novembro.
- 8 de marzo día da muller.
- Día da infancia.
- Así mesmo colaborará cos outros equipos (Equipo de Dinamización Lingüística, Equipo de Biblioteca, e Equipo TIC's, nas diferentes celebracións e conmemoracións que se leven a cabo durante o curso, como Nadal, Entroido, Magosto, día do peón, día da paz, os maios...).

As reunións faranse os martes seguindo o calendario establecido no centro, de xeito telemático. Realizarase unha reunión extraordinaria ao comezo de curso e outra ao finalizar este, así como tantas outras se consideren necesarias.

Obxectivos para o curso 2021 / 2022

- Programar todas aquelas actividades pertinentes que faciliten o tratamento das transversais dende un punto de vista cooperativo e enriquecedor, na medida do posible.
- Levar a cabo reunións cos demais equipos que favorezan a posta en marcha das diferentes actividades que se realizarán ao longo do curso.
- Coordinación e cooperación dos membros que constituen a comisión de actividades extraescolares e complementarias.
- Fomentar, coordinar e programar as distintas propostas para a conmemoración de festividades, festas,... en colaboración cos diferentes equipos.
- Fomentar o respecto polo medio.
- Levar a cabo un seguimento das propostas cara a futuras melloras.

Anexo III: regulamento da organización do comedor, madrugadores e actividades extraescolares

OBXECTO E INTRODUCCIÓN

Derivado da crise sanitaria provocada polo virus coñecido como COVID-19, as Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade aproban diversos protocolos de actuación que marcarán as pautas para o desenvolvemento do curso escolar 2021/2022.

Dentro destas instrucións inclúese a obriga das Asociacións de Nais e Pais de Alumnos que xestionen servizos en centros educativos fóra do horario lectivo de elaborar un protocolo propio para integrar como anexo no Plan de adaptación a situación COVID- 19 elaborado polo centro educativo.

A ANPA Centieiras xestiona no CEIP Centieiras os servizos de comedor, madrugadores e actividades extraescolares, e faino a través de empresas e profesionais externos que prestan os ditos servizos. Por iso, no curso pasado aprobou e aplicou un “Protocolo protección e prevención contra o COVID-19 nas actividades xestionadas pola ANPA”.

Para o presente curso, as autoridades autonómicas aprobaron, o 6 de xullo de 2021, o “PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2021-2022”, que está vixente no comezo no curso escolar e que inclúe pautas de actuación para os servizos xestionados polas ANPAS.

Polo tanto, co obxectivo de cumprir as condicións establecidas polas autoridades educativas e sanitarias, a ANPA elabora e aproba o presente documento, que está sometido a revisión constante e pode ser obxecto de modificacións en versións sucesivas froito da realidade epidemiolóxica, as mellores evidencias científicas dispoñibles ou a modificación da normativa vixente.

PROTOCOLO COVID-19 DA ANPA CENTIERAS

1. Medidas xerais de prevención e protección contra o COVID-19 recollidas no Protocolo da Xunta e adaptadas ao noso Centro

As medidas relacionadas coas condicións do centro educativo e coa aparición de síntomas compatibles coa COVID-19 serán as recollidas nos protocolos sanitarios vixentes en cada momento.

Ante a aparición de sintomatoloxía compatible (segundo o Anexo I do protocolo da Xunta de Galicia) no persoal coidador e/ou monitor de actividades, non acudirán ao centro educativo e inmediatamente darán coñecemento á ANPA por escrito mediante as canles habituais de comunicación. A ANPA, á súa vez, dará conta de inmediato do “equipo COVID” do centro, que actuará segundo o criterio sanitario vixente.

No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro. Non será necesaria xustificación de ausencia dado que non se trata de actividades obrigatorias.

A ANPA informará, explicitamente e con confirmación de recepción da información, aos pais, nais, titores/as, de que o alumnado con calquera sintomatoloxía compatible coa COVID-19 non pode acudir a madrugadores, comedor nin actividades extraescolares. Tamén ao persoal coidador ou monitor de actividades. Todos eles/elas deberán asinar unha declaración responsable ao inicio do curso. Porén, a medición da temperatura ou a avaliación doutros síntomas compatibles será realizada no seo da familia de forma diaria antes de acudir ao centro escolar, tal e como indica o Protocolo da Xunta.

Ante a detección de síntomas compatibles nun alumno/a durante a estancia en madrugadores, comedor ou actividades extraescolares, a persoa coidadora ou monitora avisará ao mestre/a de garda para que o equipo COVID do centro proceda segundo o establecido nos protocolos sanitarios vixentes. Ademais, dará aviso desta incidencia á ANPA por escrito mediante as canles habituais de comunicación.

2. Medidas específicas para os servizos prestados no comedor.

O Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022, aprobado pola Xunta de Galicia o 6 de xullo de 2021 e vixente no momento de comezar o curso recolle, no seu apartado 14, as medidas xerais en relación co uso do comedor, que neste documento recolleemos e adaptamos ao noso centro.

- a) O centro educativo manterase aberto durante todo o curso escolar asegurando os servizos de comedor e madrugadores, sempre e cando a situación epidemiolóxica o permita, en base as indicacións das autoridades sanitarias.
- b) Será obrigatorio o uso de máscara para o alumnado excepto no momento específico da alimentación, incluíndo o tempo de agarda ata o inicio do servizo e o período entre os distintos pratos.
- c) Na medida do posible, o alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza, especificamente manteranse os Grupos Colaborativos e Grupos de Convivencia Estable (GCE) conformados durante o horario lectivo. O alumnado ocupará sempre o mesmo sitio. Será necesario o rexistro dos lugares que ocupan cada un dos/as nenos/as, co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos.

O alumnado que conforme grupos colaborativos ou grupos estables de convivencia no ensino infantil e no de primaria pode comer agrupado sen requisitos de distancia. Os grupos separaranse entre si de forma xenérica por 1,5 metros ou ben separaranse con mamparas.

Aquel alumnado que non constituía GCE estará separado, de forma xenérica, por 1,5 metros de distancia sentados en oblicuo ou ben separaranse por mamparas.

Cando se utilicen mamparas estas terán altura suficiente e de, cando menos 0,60cm cando se sitúen sobre o mesado.

Cando con ningunha das combinacións previstas no apartado anterior sexa suficiente para garantir o servizo, poderanse ocupar espazos colindantes ao comedor con mobiliario do que dispón o centro, de xeito que se cumpran os requisitos previstos nos puntos anteriores.

Unha vez tomadas todas estas medidas, o número de comensais non poderá ser superior ao permitido para o seu cumprimento.

d) Os locais utilizados no servizo de comedor ventilaranse con ventilación cruzada cando menos 15 minutos antes e 15 minutos despois de cada quenda. As portas permanecerán abertas e se as circunstancias meteorolóxicas o permiten manterase unha mínima ventilación cruzada durante todo o servizo.

e) Os pratos serán individuais e non poderán ser compartidos entre o alumnado. A auga poderá servirse nunha soa xarra, pero deberá servila sempre unha mesma persoa. Non se poñerán na mesa utensilios de uso común, como aceiteiras e vinagreiras, cestos de pan para a mesa, etc...

f) O Equipo Covid do centro disporá dun plano de situación no que constarán os postos fixos asignados a cada alumno/a para garantir o control e seguimento epidemiolóxico. Levarase control diario da asistencia do alumnado ao comedor co mesmo fin.

g) Antes e despois de acceder ás mesas do comedor, o alumnado, mantendo o grupo de convivencia estable, deberá ir ao baño propio deste espazo para realizar a hixiene de mans. O centro garantirá a existencia de xabón e papel para secar as mans nos aseos, así como dispensadores de xel hidroalcohólico á entrada e saída do comedor.

h) Será obriga do alumnado levar, como mínimo, unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.

i) Será necesario ventilar o comedor tras cada quenda un mínimo de 15 minutos.

j) O persoal colaborador respectará as rateos que correspondan ao número de alumnos/as presentes en cada unha das quendas.

k) No caso de detección de síntomas compatibles coa Covid-19 nunha persoa usuaria durante o servizo de comedor, informárase á dirección do centro e ao Equipo Covid e contactarase coa súa familia, que deberá presentarse no servizo o antes posible.

Illarase á/ao menor no espazo destinado polo centro para tal fin, que deberá ser coñecido polos responsables e persoal do comedor independentemente do réxime de xestión.

2.1 Servizo de Madrugadores

O servizo de Madrugadores comezará ás 7:45h e rematará ás 9:00h, hora de comezo da actividade lectiva.

Prestarase nas instalacións do comedor do Centro, que no curso pasado foron ampliadas e acondicionadas, facilitando o cumprimento das medidas de seguridade derivadas desta crise sanitaria. Contan con mesas e espazo suficientes para dar servizo ao número de usuarios habitual cumprindo a distancia de seguridade establecida no apartado c) do punto 2 deste protocolo. Ademais, contan con baño propio, cociña e porta independente.

O aforo é limitado polas condicións sanitarias, conforme ao especificado nas cuestións de distancias recollidas no apartado c) do punto 2 deste protocolo. Polo tanto, para apuntarse ao servizo solicitarase unha previsión mensual a través do correo electrónico. Se houberse calquera cambio de última hora sobre a previsión

comunicada, darase aviso á ANPA **sempre antes das 8.15h do mesmo día e**, exclusivamente, polas seguintes vías:

- Correo electrónico anpa.centieiras@gmail.com
- Whatsapp ao móbil **623009449**

De non avisar do cambio do xeito establecido, este non se poderá facer efectivo, co que se un alumno/a que estaba apuntado non acode, se lle cobrará o servizo e, no caso contrario (se acode sen estar apuntado), poderá atoparse sen aforo ou sen alimentos, reservándose a ANPA a decisión a tomar neste caso.

A entrada pode realizarse a calquera hora a partir das 7:45h e ata ás 8:45h (os que vaian almorzar deben chegar antes das 8:15h), e se realizará pola porta do comedor. Dadas as características deste servizo, con entradas escalonadas, todo o alumnado poderá ser acompañado por UNHA SOA persoa adulta, con cubrebocas, ata a porta referida, onde será recibido pola persoa coidadora, que deberá ser sempre a mesma, salvo causa de forza maior. A permanencia do familiar/acompañante dentro do recinto será a estritamente necesaria para realizar a entrega do menor, e no caso de coincidir con outras familias, manterán a distancia de seguridade.

O uso do cubrebocas é obrigatorio para a persoa coidadora en todo momento e para as persoas usuarias a partir de 6 anos, excepto no momento de inxerir o almorzo. Para as usuarias de educación infantil é de uso recomendado.

Coidadora e persoas usuarias lavarán as mans con hidroxel ou agua e xabón ao chegar ao centro.

Os usuarios/as habituais terán postos fixos asignados para todo o curso escolar na medida do posible, e se realizará un rexistro diario dos postos ocupados por cada neno/a, co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos. O dito rexistro enviarase diariamente ao correo electrónico da ANPA, xunto cun informe no que se recolla calquera incidencia relacionada con este protocolo.

Durante o tempo do servizo, os nenos e nenas non poderán saír das instalacións habilitadas para comedor, e unha vez rematen de almorzar poderán facer uso deste espazo sempre baixo a supervisión da coidadora, con cubrebocas e sen que en ningún momento se incumpra a distancia de seguridade de 1,5 metros entre grupos de convivencia estable. Non obstante, permítese a saída ao exterior sempre que a coidadora o considere oportuno e baixo a súa supervisión. Procurarase a realización de actividades lúdicas con separación entre grupos de convivencia estable.

O uso do aseo farase de un en un, tal e como establece o Plan do Centro, No caso de alumnado de educación infantil, se fose preciso, poderá ir acompañado da persoa coidadora/monitora.

Co obxectivo de contribuir a evitar as aglomeracións na hora de comezo do horario lectivo, os usuarios/as do servizo de madrugadores irán saíndo de xeito escalonado cara as súas aulas correspondentes. O alumnado de educación infantil será acompañado pola coidadora ata a zona de entrada correspondente, onde quedarán a cargo dos mestres/as para realizar as entradas recollidas no Plan do Centro.

A coidadora terá, despois das 9.00h, un tempo de 30 min para desinfectar o espazo e material utilizado durante a prestación deste servizo; tempo no que as xanelas deberán estar abertas para realizar a ventilación adecuada.

Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans. Deberá vixiarse a limpeza de papeleiras, de xeito que queden limpas co fin de evitar calquera contacto accidental. Todo o material de hixiene persoal (máscara, luvas, panos...) deberá depositarse nas papeleiras con tapa e pedal habilitadas.

2.2 Servizo de Comedor

O servizo de Comedor comezará ás 14:00h e rematará ás 16:00h.

Prestarase nas instalacións do comedor do Centro, que no curso pasado foron ampliadas e acondicionadas, facilitando o cumprimento das medidas de seguridade derivadas desta crise sanitaria. Contan con mesas e espazo suficientes para dar servizo ao número de usuarios habitual cumprindo a distancia de seguridade establecida no apartado c) do punto 2 deste protocolo. Ademais, contan con baño propio, cociña e porta independente.

O aforo é limitado polas condicións sanitarias, conforme ao especificado nas cuestións de distancias recollidas no apartado c) do punto 2 deste protocolo. Polo tanto, para apuntarse ao servizo solicitarase unha previsión mensual a través do correo electrónico. Se houberse calquera cambio de última hora sobre a previsión comunicada, darase aviso á ANPA sempre **antes das 9.15h do mesmo día** e, exclusivamente, polas seguintes vías:

- Correo electrónico anpa.centieiras@gmail.com
- Whatsapp ao móbil **623009449**

De non avisar do cambio do xeito establecido, este non se poderá facer efectivo, co que se un alumno/a que estaba apuntado non acode, se lle cobrará o servizo e, no caso contrario (se acode sen estar apuntado), poderá atoparse sen aforo ou sen alimentos, reservándose a ANPA a decisión a tomar neste caso.

Os alumnos e alumnas que fagan uso do comedor estarán a cargo dun mestre ou mestra desde que rematen o seu horario lectivo (de xeito escalonado por cursos segundo o Plan do Centro) ata que chegue a coidadora do comedor, que deberá ser sempre a mesma, salvo causa de forza maior.

O uso do cubrebocas é obrigatorio para a persoa coidadora en todo momento e para as persoas usuarias a partir de 6 anos, excepto no momento de inxerir os alimentos. Para as usuarias/os de educación infantil é de uso recomendado. No caso de existir varios pratos secuenciais recoméndase o uso de máscara no período entre ambos.

Coidadora e persoas usuarias lavarán as mans con hidroxel ou auga e xabón ao entrar no comedor.

Os usuarios/as habituais terán postos fixos asignados para todo o curso escolar na medida do posible, e se realizará un rexistro diario dos postos ocupados por cada neno/a, co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos. O dito rexistro enviarase diariamente ao correo electrónico da ANPA, xunto cun informe no que se recolla calquera incidencia relacionada con este protocolo.

Durante o tempo do servizo, os nenos e nenas non poderán saír das instalacións habilitadas para comedor, e unha vez rematen de xantar poderán facer uso deste espazo sempre baixo a supervisión da coidadora, con cubrebocas e sen que en ningún momento se incumpra a distancia de seguridade de 1,5 metros entre grupos de convivencia estable. Non obstante, permítese a saída ao exterior sempre que a coidadora o considere oportuno e baixo a súa supervisión. Procurarase a realización de actividades lúdicas con separación entre grupos de convivencia estable.

O uso do aseo farase de un en un, tal e como establece o Plan do Centro, No caso de alumnado de educación infantil, se fose preciso, poderá ir acompañado da persoa coidadora/monitora.

As saídas do servizo de comedor son, polas súas características, escalonadas, puidendo ser recollidos os nenos e nenas por unha persoa adulta autorizada a calquera hora a partir das 15:15h. Polo tanto, e dado que a persoa coidadora non pode deixar o grupo sen supervisión, a persoa adulta (sempre con cubrebocas) poderá acceder ao recinto e recoller ao menor na porta do comedor. A permanencia do familiar/acompañante dentro do recinto será a estritamente necesaria para realizar a recollida do menor, e no caso de coincidir con outras familias, manterán a distancia de seguridade.

Os nenos e as nenas que, despois do comedor, vaian a algunha actividade extaescolar do Centro, serán achegadas pola coidadora ata a aula

correspondente á actividade como é habitual; sempre con cubrebocas, mantendo a distancia interpersonal e evitando a coincidencia con outras persoas.

A coidadora terá, despois das 16.00h, un tempo de 30 min para desinfectar o espazo e material utilizado durante a prestación deste servizo; tempo no que as xanelas deberán estar abertas para realizar a ventilación adecuada.

Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans. Deberá vixiarse a limpeza de papeleiras, de xeito que queden limpas co fin de evitar calquera contacto accidental. Todo o material de hixiene persoal (máscara, luvas, panos...) deberá depositarse nas papeleiras con tapa e pedal habilitadas.

3. Servizo de Actividades Extraescolares

A ANPA ofertará, como cada curso, diversas actividades extraescolares que se realizarán ou non, dependendo do interese das familias e da inscrición do número mínimo de alumnado establecido en cada caso. No presente curso escolar, dada a situación de crise sanitaria, ofertaranse actividades que non fomenten o contacto interpersonal e que sexan impartidas por empresas/monitores cos que xa se traballou en anos anteriores de xeito satisfactorio.

Para a realización destas actividades, rexerán as pautas recollidas no ANEXO VI do Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022, en concreto, as “Consideracións xerais sobre actividades complementarias e extraescolares organizadas polas ANPAs, concellos, etc... nos centros educativos”.

O horario no que poden realizarse comprende entre as 16:00 e as 18:00h, tempo no que estará presente no centro un mestre ou mestra de garda.

Cada actividade será impartida nunha ou varias aulas/instalacións fixas que cumpran as condicións establecidas de ventilación adecuada e espazo suficiente para manter as distancias de seguridade.

Será obrigatorio en todo caso o uso dos cubrebocas para o monitorado e o alumnado a partir dos 6 anos, e recomendado para o de educación infantil, e lavarán as mans con hidroxel antes de entrar á actividade.

Deberá manterse en todo momento a distancia interpersonal de 1,5 metros entre o alumnado, sen perxuízo de que poida non manterse, se fose preciso, no caso de grupos de convivencia estable, e sempre con cubrebocas.

Os nenos/as terán postos fixos asignados para todo o curso escolar, e destes postos se dará conta á ANPA. Se houberse cambios durante o curso, comunicaranse á ANPA do mesmo xeito, co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos. Así mesmo, tamén se comunicará por escrito á ANPA calquera incidente relacionado con este protocolo ou coa normativa derivada do COVID-19.

As empresas e/ou profesionais que presten os servizos deberán cumprir e asinar o presente protocolo como anexo ao contrato habitual e, a ser posible, contar co seu propio protocolo de protección contra o COVID-19, que deberá ser aprobado pola Xunta Directiva da ANPA.

As entradas (no caso dos nenos/as que non veñen directamente do comedor) e saídas das actividades extraescolares realizaranse pola porta principal do Centro, puidendo ser acompañados ata ela (sen acceder ao interior) por UNHA SOA persoa adulta con cubrebocas e mantendo sempre a distancia de 1,5m con outras persoas. A permanencia do familiar/acompañante dentro do recinto será a estritamente necesaria para realizar a entrega e recollida do menor, e no caso de coincidir con outras familias, manterán a distancia de seguridade.

O persoal monitor das actividades desinfectará ao rematar as mesas, cadeiras, e material común utilizado durante as clases. Así mesmo, deixará abertas portas e xanelas, de ser o caso, para realizar a correcta ventilación do espazo.

Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans. Deberá vixiarse a limpeza de papeleiras, de xeito que queden limpas co fin de evitar calquera contacto accidental. Todo o material de hixiene persoal (máscara, luvas, panos...) deberá depositarse nas papeleiras con tapa e pedal habilitadas.

En canto se coñezan as actividades aprobadas, a ANPA presentará á dirección do centro un “Plan de actividades extraescolares” conxuntamente cun plan de continxencia que será revisado polo Consello Escolar para súa aprobación, tal e como se indica no Anexo VI do Protocolo da Xunta.

4. Canles de comunicación coa ANPA

Durante o presente curso escolar, mentres permaneza vixente este protocolo, non se prestará servizo de atención presencial ás familias como viña sendo habitual, salvo con cita previa e acatamento de todas as medidas pertinentes de seguridade (hixiene de mans, cubrebocas, ventilación...)

a) A comunicación das familias coa ANPA, para pedir cita previa e para calquera outra consulta, suxerencia ou comentario, realizarase a través de dúas canles principais (sen perxuízo de poder contactar persoalmente con calquera membro da Xunta Directiva):

1. O noso correo electrónico anpa.centieiras@gmail.com, que se tentará responder dentro do mesmo día no que se recibe.
2. O teléfono móbil da ANPA **623009449**, ben a través de chamada ou, preferiblemente, por whatsapp.

b) A comunicación da ANPA coas familias realizarase a través das seguintes canles:

O correo electrónico. A ANPA contará cos correos que faciliten as persoas asociadas. Para os casos nos que se precise realizar unha comunicación con todas as familias, sexan ou non asociadas, a ANPA solicitará o permiso pertinente a través da dirección do Centro.

O teléfono móbil. Contaremos cos números que nos faciliten as familias asociadas e, para os casos nos que se precise realizar unha comunicación con todas as familias, sexan ou non asociadas, a ANPA solicitará o permiso pertinente a través da dirección do Centro. Utilizaremos a aplicación Whatsapp como vía principal de comunicación telefónica.

O blog ceipcentieirasanpa.blogspot.com, onde publicaremos toda a información relevante para a comunidade educativa.

Circulares en papel só nos casos nos que se considere absolutamente necesario.

6. Reunións da ANPA

A Xunta Directiva da ANPA non poderá reunirse de xeito presencial no local da asociación posto que non cumpre as características de aforo, salvo que o *quorum* previsto da reunión sexa de 3 ou menos membros. Poderá facer reunións presenciais noutros espazos fóra do centro escolar, e tamén reunións por videochamada.

A Asemblea Xeral de socios do presente curso escolar farase a ser posible presencial con inscrición previa e, dependendo do número de persoas que se apunten, decidirse a ubicación adecuada dentro do Centro, preferentemente en espazos exteriores se o tempo o permite.

A Xunta Directiva da ANPA aproba este protocolo por unanimidade, expresada por escrito rexistrado no correo electrónico anpa.centieiras@gmail.com, o 3 de setembro de 2021.

DISPOSICIÓNS FINAIS:

1. En todos os aspectos e apartados non recollidos explícitamente neste protocolo será de aplicación o plan de adaptación á situación sanitaria provocada pola COVID-19 aprobado polo CEIP Centieiras, o e o Protocolo de adaptación ao

contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2021, da Xunta de Galicia, que estean vixentes en cada momento.

2. O presente protocolo será publicado no blog da ANPA e entregado ás empresas que prestan os servizos, que deberán cumprilo e asinalo como anexo nos contratos correspondentes, e á dirección do Centro.

3. Este documento está suxeito a calquera cambio que puidera producirse derivado da situación sanitaria e que afectase aos servizos xestionados pola ANPA.

4. A ANPA resérvase o dereito de rescisión unilateral e sen dereito de compensación de calquera contrato coas empresas que prestan os servizos xestionados pola asociación no caso de incumprimento claro deste protocolo e das normas sanitarias en vigor en cada momento.

5. O incumprimento polo alumnado do uso de cubrebocas nos tempos e lugares que sexan obrigatorios e o incumprimento das instrucións do monitor/a ou coidador/a se considerarán condutas leves contrarias á convivencia. De repetirse ditos incumprimentos poderase suspender, temporal ou definitivamente, o uso de calquera dos servizos.



Anexo IV: Plan de actividades propostas pola ANPA

ACTIVIDADE	CURSOS	HORARIO	IMPARTE	LUGAR
E-makers	De 2º EP en diante	Luns de 16 a 17.30h	Espacio Vivo	Aula obradoiro
Tenis	De 5º EI en diante	Martes e Xoves de 16 a 17.30h	Escola de Tenis "Justo al Revés"	Pista cuberta
Xadrez	De 6º EI en diante	Mércores de 16 a 17h	Escola ferrolá de xadrez	Aula obradoiro
Inglés	Todos	Martes e venres de 16 a 17h	Sinapsis formación	Aula obradoiro
Obradoiro de arte *	De 5º EI en diante	Xoves de 16 a 17h	Sinapsis formación	Aula de arte

Anexo V: Plan anual de lectura

1. FUNDAMENTACIÓN E OBXECTIVOS.

O obxectivo principal que buscamos ter o equipo de biblioteca é a continuar co traballo que comezamos hai dous anos trala nosa inclusión no Plambe.

As accións a realizar están encamiñadas a acadar os obxectivos que propoñemos neste plan e ao traballo das nosas liñas prioritarias.

Estas están vertebradas en varios eixes: fondos bibliográficos, apertura da biblioteca á contorna, dinamización da biblioteca e formación de profesorado.

Primeiramente no que se refire aos fondos bibliográficos, consideramos necesario ampliar os fondos informativos así coma os fondos noutros soportes.

Pretendemos continuar dotando a biblioteca con recursos variados para integrar a cultura impresa e a dixital, así como con recursos manipulativos de diversa índole para contribuír así á mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe.

No que se refire á apertura á contorna farémolo a través da Comisión de Biblioteca no seo do Consello Escolar, o que posibilita unha coordinación entre a biblioteca escolar e a biblioteca municipal de Fene. Así mesmo, organizaremos visitas guiadas á biblioteca municipal para todos os cursos de educación infantil e primaria.

Continuaremos co horario de apertura polas tardes e manteremos o espazo adicado ás familias en canto a situación Covid o permita.

Desde a biblioteca tamén proporemos actividades de coordinación do voluntariado e de dinamización de biblioteca. Faremos algún concurso que motive ao alumnado coa escritura creativa e este ano proporemos diversos retos científicos.

Organizaremos e/ou colaboraremos nas distintas conmemoracións E organizaremos xuntanzas co alumnado onde a biblioteca continúe a ser un espazo de encontro e de acompañamento na lectura e no tratamento da información.

Poremos en marcha un Proxecto Documental Integrado con implicación total do profesorado que se denominará “Pingas científicas”. Así mesmo seleccionaremos e poremos a disposición do profesorado bibliografía que facilite o acceso á información desde o primeiro momento.

En relación á formación do profesorado, queremos destacar que este ano continuaremos co PFPF cunha liña prioritaria de biblioteca creativa.

Entre os obxectivos que nos propoñemos destacamos:

- Formar ao alumnado en canto a usuarios de biblioteca.
- Fomentar a lectura e a escritura e contribuír ao desenvolvemento do Plan Lector do Centro.
- Colaborar e artellar actividades comúns coa Biblioteca Municipal.
- Ampliar o catálogo e achegar a información en calquera formato, integrando a cultura impresa e dixital.
- Dinamizar proxectos a nivel de centro a través de metodoloxías activas e colaborativas co fin de mellorar o tratamento transversal dos contidos desenvolver as competencias clave. E abrir canles de comunicación e traballo cos diferentes equipos de centro.
- Atender á diversidade e promover a accesibilidade á información.
- Organizar o espazo adicado á investigación, creación e aprendizaxe manipulativa.
- Establecer a biblioteca coma un lugar acolledor e agradable para o disfrute de todos e todas a través da apertura ao exterior con ventás e unha porta.
- Centralizar todos os recursos existentes no centro para unha organización máis eficaz.
- Abrir a biblioteca á comunidade educativa.



- Continuar coa catalogación de recursos a través do programa Meiga/Koha.
- Adquirir novos soportes informáticos.

2. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS E TEMPOS.

a) En canto á organización:

A biblioteca está organizada en recantos que facilitan a libre circulación:

- Recanto Semicorchea: con dous lectores de USB e cds para escoitar música infantil.
- Recanto PC: con 1 ordenador e 5 iPads.
- Recanto Fedelleiro: cun robot, recursos manipulativos e xogos de lóxica matemática.
- Recanto de costura.
- Espazos de lectura e traballo.

Ademais contamos con:

- Recanto para as familias. Contamos cunha biblioteca na entrada con lecturas variadas: contos infantís, revistas, xornais e lecturas pedagóxicas orientadas ás familias.
- Bibliotecas de aula.

b) En canto á dispoñibilidade e apertura:

- A biblioteca estará aberta nos recreos, establecendo quendas para cada un dos niveis de Educación Primaria.
- O voluntariado contará contos no recreo.



- Faranse lecturas familiares.
 - Levaranse a cabo os amadriñamentos/apadriñamentos lectores.*
 - Abrirase a biblioteca polas tardes tendo en conta o protocolo.
- *Se a situación Covid o permite.

LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS.

a) En relación coa organización e xestión:

A biblioteca escolar é un espazo central no que apoiamos a aprendizaxe, onde poñemos a disposición do alumnado libros informativos e de ficción, e outros recursos informativos en medios impresos, audiovisuais ou electrónicos, que intentan cubrir a variedade de intereses de lectura e aprendizaxe.

Contamos cun espazo diáfano con 110 m2 que promove a libre circulación de persoas, para poder desfrutar das diversas actividades individuais e grupais (formais e informais), a consulta, a investigación, a manipulación...

O noso obxectivo é darlle un forte impulso á educación STEAM creando un novo espazo “maker” que fomente o interese pola tecnoloxía, a ciencia e o deseño, e organizando obradoiros puntuais. Así mesmo, planificaremos un calendario para que se establezan quendas para o desfrute e aproveitamento ao máximo do espazo por parte de todas as titorías.

Continuaremos adquirindo, organizando e catalogando todos os fondos, dotaremos a biblioteca de recursos en distintos soportes e formatos, continuaremos cos empréstitos e devolucións a través do programa Meiga/koha, continuaremos coas recomendacións lectoras e darémolles difusión as actividades a través do blog: bibliocenti@blogspot.com e da páxina web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcentieiras/>.

b) En canto ao funcionamento:

- Reunirémonos os martes pola tarde, de maneira virtual ou presencial segundo o calendario establecido polo centro. Organizaremos e tomaremos decisións e avaliaremos as actividades e propostas.
- Organizarase o traballo de forma mensual e irase desenvolvendo polos integrantes do equipo de biblioteca.
- As persoas responsables que teñen garda de recreo, encargaranse de supervisar que se leve a cabo o protocolo e desenvolverán as tarefas de xestión propias da biblioteca escolar.

c) En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca:

Continuaremos coa catalogación de fondos e xestionando os carnés lectores.

Realizaremos actividades dinamizadoras, faremos as guías de lectura para o Nadal e para o verán e recomendacións lectoras de libros que xiren en torno ao PDI ou ás distintas conmemoracións. Impulsaremos actividades para a mellora do desenvolvemento curricular e para a consecución das competencias clave a través da creación dun “Laboratorio creativo de aprendizaxes” que dotaremos con recursos variados para poder traballar o currículo nun sentido amplo, proporcionando oportunidades para deseñar, debater, pensar, crear, investigar...

Seguiremos dotando a biblioteca con recursos informativos diversificados nos diferentes soportes e informaremos e publicitaremos as novas adquisicións.

Tentaremos continuar con actuacións da biblioteca presenciais ou virtuais, como elemento de compensación social: préstamos, contacontos, presentación de libros... e impulsaranse actividades para a mellora do desenvolvemento curricular e para a consecución das competencias clave. E contando sempre coas profesoras titoras como mediadoras da aprendizaxe.

d) En relación coa formación de usuarios/as:

A principio de curso faremos unha formación para os compoñentes do equipo de biblioteca en catalogación, actualización do blog, xestión no Meiga/Koha, uso de recantos e organización da biblioteca. Levarase a cabo unha formación básica para o voluntariado de 5º e de 6º e para todo o profesorado, para que coñezan os usos da biblioteca, como se fan os empréstitos e devolucions no Meiga/Koha, o funcionamento dos distintos recantos, o uso dos recursos dixitais, mochilas viaxeiras, maletas viaxeiras, colocación dos libros e normas. E o centro continuará cunha liña de PFPP de “Biblioteca Creativa” na que participaremos todas as persoas integrantes do equipo de biblioteca. Así coma nas formacións propostas pola asesoría de bibliotecas escolares ou CFR.

As titoras formarán ao alumnado en espazos e usos na súa primeira visita así coma no protocolo. E para contribuír á competencia informacional elaboraremos un documento con instrucións claras para facilitar a búsqueda de información.

Solicitaremos o Programa de “Introducción á robótica educativa en primaria” e continuaremos coa “Investigación, Tratamento da Información e Robótica” como materia de libre configuración en 4º e 6º de primaria.

Deseñaremos o calendario do PDI e coordinaremos o mesmo.

e) En relación co fomento da lectura e con desenvolvemento do Proxecto lector de centro:

Desenvolveremos o plan anual de lectura: continuaremos coa hora de ler, propoñendo actividades concretas para a dinamización do mesmo, prepararemos as mochilas viaxeiras incluíndo nelas libros informativos, narrativos e xogos educativos, solicitaremos maletas viaxeiras, seguiremos organizando visitas de autores/as e ilustradores/as, continuaremos coas actividades de contacontos e recomendacións lectoras, e se a situación Covid o permite voltaremos cos amadriñamentos lectores

e coas lecturas compartidas. Faremos algún concurso que motive ao alumnado coa escritura creativa e se proporán diversos retos científicos.

Organizaremos e/ou colaboraremos nas distintas conmemoracións e coordinaremos e dinamizaremos o PDI, cun achegamento de información e exposición de produtos finais.

O noso obxectivo é que a biblioteca escolar facilite o tratamento dos contidos e sexa capaz de darlle un enfoque interdisciplinario a través de metodoloxías activas e colaborativas e a través de actividades integradoras. Que a biblioteca continúe a ser empregada por todo o profesorado e ir incorporando as familias para involucralas na capacitación dos lectores.

f) En relación cos avances cara unha biblioteca inclusiva.

Continuaremos con actuacións da biblioteca como elemento de compensación social: préstamos, contacontos, mochilas viaxeiras, presentación de libros... Faremos unha adquisición con novos libros e materiais accesibles para todos e todas e adaptados ás diferentes capacidades. Continuaremos co horario de apertura polas tardes e manteremos o espazo adicado ás familias. Continuaremos coa conmemoración do Día das Persoas con Discapacidade, coas lecturas compartidas e coa xornada de convivencia co alumnado de Aspaneps.

g) Outras actuacións:

Poremos en marcha un Proxecto Documental Integrado con implicación total do profesorado que se denominará “Pingas científicas”, presentámoslo ás familias e estimularemos a súa participación activa. Así mesmo seleccionaremos e poremos a disposición do profesorado bibliografía que facilite o acceso á información desde o primeiro momento.

Organizaremos xuntanzas co alumnado onde a biblioteca continúe a ser un espazo de encontro e de acompañamento na lectura e no tratamento da información.

E para contribuír a alfabetización mediática e informacional continuaremos dinamizando o programa de radio que levamos a cabo no centro en colaboración con Radio Fene.

Deseñaremos titoriais de búsqueda de información, proporemos búsquedas de información entorno ao PDI de “Pingas científicas” e outras actividades en torno a contidos curriculares, artellando o xeito de cohexionar o traballo de aula co de biblioteca.

4. SECCIÓNS

Os fondos están organizados para facilitar o seu emprego por parte dos usuarios/as nestas seccións:

- Narrativa: prelectores, primeiros lectores e lectores autónomos.
- Informativos.
- Banda deseñada.
- Música.
- Audiovisuais.
- Poesía.
- Teatro.

5. RUTINAS DE LECTURA.

Establecemos a “Hora de Ler” todos os días de 12:00 a 12:30 para educación infantil e primaria. E todos os mércores lecturas por parte do alumnado de 4º de educación primaria e o voluntariado de 5º e de 6º nas aulas de educación infantil, 1º, 2º e 3º de educación primaria, respectando as medidas Covid-19.

Ao non poder xuntarse alumnado que non pertenza a grupos de convivencia estable, polo momento non poderemos levar a cabo os amadriñamentos/apadriñamentos lectores tal e como os estabamos a realizar antes da pandemia.

Convidaranse ás familias a realizar lecturas mensuais ao alumnado de educación infantil e primaria a través do programa “Contos de boca” .

6. RECURSOS HUMANOS

- Contaremos co alumnado de 5º e de 6º que formará parte do programa de voluntariado de biblioteca.
- Contaremos con 18 alumnos/as de 4º de educación primaria que realizará lecturas todos os mércores ao alumnado de 6º de educación infantil.
- Contaremos cun equipo de biblioteca composto por:

Unha persoa responsable:

- Sabela Paz Romero. (Mestra de educación musical)

Equipo de Apoio:

- Josefina Herreros Calvo. (Titira de 4º EI)
- María Cristina Acevedo Varela. (Titira de 6º EP)
- Andrea Fernández López. (Titira de 1º EP)
- Ana María Barro Casas. (Titira de 4º EP)
- María Macarena Espiñeira Filgueiras.(Mestra de PT)

Consideramos fundamental que o equipo sexa estable, polo que na medida do posible, estará composto por profesorado definitivo no centro con integrantes de cada etapa educativa e de cada ciclo.

Contaremos cun equipo de biblioteca no seo do consello escolar, ademais do apoio e traballo de todo o claustro de profesores/as, coas familias e con diversos autores/as e/ou ilustradores/as.

7. ITINERARIOS LECTORES.

Ainda non dispoñemos de itinerarios lectores de centro. A nosa pretensión é comezar coa selección de títulos para cada un dos cursos.

8. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS.

ACTIVIDADE	1ºT	2ºT	3ºT
Preparación do protocolo de uso da biblioteca e difusión do mesmo.	X		
Preparar o contido das “mochilas viaxeiras”: libros e CDS ou DVDs.	X		
Editar os caderniños das mochilas viaxeiras.	X		
Establecer as funcións do voluntariado de biblioteca (alumnado de 5º e de 6º) e formación en coordinación das mestras titoras coa responsable de biblioteca.	X		
Formación na utilización dos espazos da biblioteca ás distintas titorías.	X		

Formación entre o profesorado no Meiga/Koha e blogspot.	X	X	X
Elaborar etiquetas para as gavetas dos xogos que hai en cada unha.	X		
Día das escritoras 18 de outubro	X		
Día das bibliotecas escolares	X		
Mes da ciencia en galego	X		
Elaborar instrucións de búsqueda de información	X		
Realizar unha sesión de lectura a escuras polo Samaín.	X		
Mantemento dos iPads	X	X	X
Seleccionar aplicacións para os iPads.	X	X	X
Seleccionar e dotar a biblioteca de recursos para o traballo do PDI.	X	X	X



Facer os carnés do alumnado de nova incorporación e renovar os que sexa preciso.	X	X	X
Actualizar e facer listaxe dos lectores.	X		
Decidir e facer un calendario coas datas sinaladas a conmemorar na biblioteca e facer propostas de actividades.	X		
Troco de libros expurgados por alimentos.	X		
Colaborar na conmemoración do Día internacional das persoas con discapacidade.	X		
Colaborar na conmemoración do Día da Paz a través de lecturas compartidas con ASPANEPS.	X		
Día da nena e as mulleres nas ciencia		X	
Día de Rosalía		X	
Día mundial da poesía		X	

Darlle maior difusión ao blog.	X	X	X
Organizar propostas para as aulas de “Biblioteca Creativa”	X	X	X
Facer entradas de todas as actividades realizadas na biblioteca ou en relación coa biblioteca e en relación co PDI por parte de todas as integrantes do equipo e posterior subida ao drive dos diferentes contidos.	X	X	x
Distribución de tarefas entre os membros do equipo.	X	X	X
Impulsar e coordinar o traballo do PDI.	X	X	X
Organizar algún obradoiro costura	X	X	X
Día mundial do libro			X
Propostas de retos científicos.	X	X	X



Proposta de actividade de motivación PDI	X		
Solicitar maletas viaxeiras (previa consulta ás titoras).	X	X	X
Organizar as maletas viaxeiras.	X		
Facer a solicitude do “Voluntariado de biblioteca”	X		
Creación dun tríptico con recomendación lectoras para o Nadal.	X		
Poñer un buzón de suxestións.	X		
Habilitar un caixón de descanso para os libros que non saben onde colocalos.	X		
Selección de libros para crear un itinerario lector.	X	X	X
Dotar os espazos con máis recursos	X	X	X



Renovación periódica dos andeis adicados a conmemoracións, recomendacións e andel adicado á temática do PDI.	X	X	X
Catalogar libros e xogos educativos.	X	X	X
Dar de baixa os libros expurgados	X	X	X
Organizar a semana do libro e convidar as familias de educación infantil e educación primaria para realizar lecturas ao longo da semana do libro.		X	
Participación en Fene Lendo Mulleres		X	
Participación en actividades de formación ofertadas polo CFR.	X	X	X
Apoiar a organización das Letras Galegas.			X
Creación dun tríptico con recomendación lectoras para o verán.			X

Elaboración de enquisas para avaliar a o alumnado, familias e profesorado.			X
Establecemento das liñas prioritarias para o curso 22-23			X
Elaboración da memoria do PLAMBE			X
Encamiñar o PAL do ano 2022-2023			X
Avaliación pormenorizada de todas as acción levadas a cabo ao longo do ano.			X
Revisar as mochilas viaxeiras, cadernos de avaliación e e preparar as do próximo ano.			X
Colocar os libros emprestados ás aulas nos distintos andeis.			X
Facer propostas e escoller o PDI do vindeiro curso e buscar bibliografía da nova temática.			X
Organizar os contacontos	X	X	X

Organizar as lecturas compartidas de educación infantil e primaria.	X	X	X
Coordinar, facer un seguimento e avaliar as actividades do PDI.	X	X	X
Formación a través do PFPP coa liña prioritaria de biblioteca creativa.	X	X	X
Actualización periódica do blog e visibilización das actividades na páxina web	X	X	X
Revisión por parte das titoras do contido dos cadernos incluídos nas mochilas viaxeiras e motivalos/as a participar cos seus comentarios.	X	X	X
Organizar visitas á biblioteca municipal de Fene.	Pendentes de confirmar		
Organizar visitas de autores e/ou ilustradores/as.	Pendentes de confirmar		
Presentacións de libros.	Pendentes de confirmar		

Programar algún concurso de BD, poesía ou relatos de medo en colaboración co ENDL.	
--	--

Os recursos e os materiais dos que dispoñemos son os propios da biblioteca escolar: libros informativos e de ficción, xogos variados, 1 robot, 5 iPads, 2 lectores de cd con 4 auriculares, un ordenador, un proxector e unha pantalla, e un ordenador para tarefas de xestión.

9. LER EN FAMILIA. ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS.

- Continuaranse coas lecturas compartidas coas familias, a través do programa “Contos de boca” dirixidas ao alumnado de educación infantil e primaria.
- Convidaremos ás familias de educación infantil e educación primaria para realizar lecturas ao longo da “semana do libro”.
- A biblioteca escolar estará aberta a calquera colaboración por parte das familias.

10. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

Obxectivo 1: Formar ao alumnado e profesorado en canto a usuarios de biblioteca.

Criterio de avaliación:



- Organización de actividades na que se fomente a oratoria: exposicións, contacontos e gravacións de vídeos.
- Elaboración dun calendario de visitas á biblioteca co obxectivo de fomentar a lectura.
- Elaboración dun protocolo de uso da biblioteca atendendo ás recomendacións sanitarias.
- Organización e formación do voluntariado de biblioteca.
- Elaboración dunha guía de usuario para do programa Meiga/Koha para o profesorado.
- Formación sobre a utilización do blog, redes sociais e programa Meiga/Koha.
- Realización dos carnés de usuario de nova incorporación.
- Renovación dos carnés de usuario deteriorados.
- Elaboración dun calendario coas conmemoracións que se celebrarán dende a biblioteca escolar.
- Distribución das tarefas entre o equipo de biblioteca.
- Solicitud de proxectos de innovación educativa relacionados con bibliotecas escolares.
- Organización de maletas viaxeiras.
- Catalogación e baixa de fondos.
- Elaboración de documentación requerida por bibliotecas escolares (PAL, liñas prioritarias, Memoria PLAMBE...)
- Formación do profesorado en bibliotecas escolares.

Obxectivo 2: Fomentar a lectura e a escritura e contribuír ao desenvolvemento do Plan Lector do Centro.

Criterio de avaliación:

- Organización dunha sesión de contacontos ás escuras polo Samaín.
- Fomento da lectura a través da cesión dos exemplares expurgados.
- Organización de contacontos.
- Organización de lecturas compartidas.



- Organización de visitas de autores e /ou ilustradores/as.
- Organización de actividades de booktrailers.
- Organizar a semana do libro.
- Programar algún concurso dalgunha tipoloxía textual.
- Renovación periódica dos andeis adicados ás conmemoracións.

Obxectivo 3: Achegar a información en calquera formato, integrando a cultura impresa e dixital.

Criterio de avaliación:

- Elaboración dunhas instrucións que faciliten a búsqueda de información ao alumnado.
- Adquisición do material preciso en diferentes soportes.
- Poñer en funcionamento os equipos informáticos da biblioteca.
- Formación do uso axeitado dos equipos informáticos e iPads.
- Seleccionar aplicacións para os iPads e iBooks.
- Mantemento do equilibrio entre fondos de ficción (40%) e fondos informativos (60%).

Obxectivo 4: Dinamizar proxectos a nivel de Centro a través de metodoloxías activas e colaborativas co fin de mellorar o tratamento transversal dos contidos desenvolver as competencias clave. E abrir canles de comunicación e traballo cos diferentes equipos de centro.

Criterio de avaliación:

- Adquisición de fondos para o traballo do PDI.
- Dinamización do papel da biblioteca como centro de recursos do colexio así como a implicación nas diversas tarefas e proxectos da mesma.
- Coordinación do equipo de profesorado para asumir a dinamización da biblioteca escolar, con adicación horaria suficiente.
- Impulsar e coordinar o PDI.
- Preparación dunha escaleta para facer os programas de radio.
- Coordinación coa demais equipos.



- Facer un seguimento das actividades dos distintos niveis en relación co PDI.

Obxectivo 5: Atender á diversidade e promover a accesibilidade á información.

Criterio de avaliación:

- Organización e dispoñibilidade de recursos axeitados ás necesidades do alumnado, profesorado e familias.
- Ampliación de fondos informativos en diversos soportes dotando os recantos con máis material.
- Ampliar os fondos en relación coa igualdade entre mulleres e homes e a igualdade de oportunidades.
- Preparación de cartelería con pictogramas.

Obxectivo 6: Organizar e redistribuír espazos para a investigación, a creación e a aprendizaxe manipulativa. Renovar o mobiliario e facer obras menores. Establecer a biblioteca como un lugar acoledor e agradable para o disfrute de todos e todas.

Criterio de avaliación:

- Modificacións e melloras que se produzan nas infraestructuras e no mobiliario da biblioteca.
- Organización, actualización e dinamización para que a biblioteca evolucione cara un centro creativo de aprendizaxes.
- Integración no proxecto de “Biblioteca Creativa”.
- Formación na utilización dos espazos da biblioteca ás distintas titorías.
- Dotación de recursos aos diferentes espazos.

Obxectivo 7: Centralizar todos os recursos existentes no centro para unha organización máis eficaz.

Criterio de avaliación:

- Incorporación á biblioteca, para realizar o seu inventario e catalogación, de todos os recursos do centro, con independencia da súa ubicación física.



Obxectivo 8: Abrir a biblioteca á Comunidade Educativa.

Criterio de avaliación:

- Adecuación da distribución horaria.
- Implicar ás familias nos hábitos lectores do alumnado.
- Renovación periódica dos libros do recanto das familias.
- Actualización periódica do blog e visibilización das actividades na páxina web.
- Facer trípticos de recomendacións lectoras.
- Realización de enquisas para coñecer a satisfacción da comunidade educativa.

Obxectivo 9: Continuar coa catalogación de recursos a través do programa Meiga/Koha. Ampliar o catálogo de recursos tanto impresos como dixitais. Adquirir novos soportes informáticos.

Criterio de avaliación:

- Catalogación de fondos documentais.
- Catalogación de xogos.
- Adquisición de novos equipos informáticos: radio cds e ordenadores.

Obxectivo 10: Colaborar e artellar actividades comúns coa Biblioteca Municipal.

Criterio de avaliación:

- Realización de visitas á biblioteca municipal.
- Colaboración para búsqueda documental.
- Participación en Fene Lendo Mulleres.

Os procedementos que se van a utilizar para analizar o nivel de consecución dos obxectivos serán:

- Enquisas.
- Análise de materiais producidos.
- Diario de actividades nas que participa a biblioteca.
- Caderno de rexistro de Mochilas Viaxeiras.
- Buzón de suxestións.
- Estatísticas de préstamos.
- Estatísticas de visitas á web.

INDICADORES QUE SE TERÁN EN CONTA E INSTRUMENTOS QUE SE VAN UTILIZAR.

A continuación descríbense os indicadores de avaliación (indicadores de carácter cualitativo e cuantitativo) e para cada un deles, fíxanse 4 niveis de logro (Deficiente-limitado-bo-excelente).

1. Valor e integración no centro.

- 1.1. Apoio do Equipo Directivo.
- 1.2. Presenza da biblioteca nos documentos fundamentais de xestión e política curricular do centro.
- 1.3. Variedade de órganos no centro nos que participa a biblioteca.
- 1.4. Adecuación e dotación económica para as necesidades documentais da biblioteca.
- 1.5. Adecuación da dotación económica para as necesidades xerais da biblioteca.
- 1.6. Apoio das familias.

2. Accesibilidade.



- 2.1. Adecuación do espazo.
 - 2.2. Idoniedade do mobiliario.
 - 2.3. Adecuación do equipo tecnolóxico.
 - 2.4. Accesibilidade da colección.
 - 2.5. Accesibilidade en liña da colección (catálogos e recursos electrónicos).
 - 2.6. Organización da colección segundo criterios normalizados.
 - 2.7. Sinalización da colección.
 - 2.8. Integración das bibliotecas de aula na biblioteca de centro.
 - 2.9. Integración das bibliotecas de departamentos na biblioteca central.
 - 2.10. Amplitude do horario da apertura da biblioteca.
 - 2.11. Distribución do horario da biblioteca para o uso por parte das clases.
 - 2.12. Apertura da biblioteca fóra do horario escolar.
 - 2.13. Adecuación dos recursos á acción compensatoria do centro.
-
3. Visibilidade:
 - 3.1. Variedade de estratexias para a difusión, a comunicación e a sinalización.
 - 3.2. Diversidade de destinatarios das estratexias (estudantes, docentes e familias).
 - 3.3. Actualización das informacións.
-
4. Apoio ao currículo

Anexo VI: Plan Xeral de atención á diversidade

Concreción do Plan de Orientación 2021-22

O Departamento de Orientación idéase como unha unidade orgánica e funcional de participación e de coordinación, coa finalidade de potenciar a acción tutorial e de orientación.

Estrutura do departamento

O Departamento de Orientación trátase dunha orientación compartida (O.C.), co CEIP Plurilingüe Os Casais, o CEIP de Sillobre e CEIP Santiago Apóstolo.

A súa composición é a seguinte: profesorado de Educación Infantil e Primaria do CEIP Plurilingüe de Centieiras, mestra responsable do CEIP de Sillobre, mestras especialistas de PT e AL e a xefa do Departamento de Orientación.

Os obxectivos propostos terán como base:

- A convivencia e respecto dentro e fóra do ámbito escolar.
- A tolerancia que fai posible a aceptación dos dereitos que todos/as temos.
- A axuda que permita a inclusión individual e social de cada individuo

Obxectivos xerais:

- Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa para que nos distintos documentos e actuacións do centro se contemple a atención á diversidade e se favoreza o desenvolvemento de actitudes positivas fronte á diversidade cultural.
- Promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.
- Fomentar, desenvolver e afondar na acción tutorial do profesorado, familia e alumnado, proporcionando asesoramento e axuda.
- Promover a colaboración entre a familia e a escola.



- Asesorar nas decisións relativas á avaliación do alumnado, en especial no relativo á promoción de curso ou etapa.
- Colaborar no desenvolvemento do proxecto educativo e das programacións didácticas, alentando para que se inclúan tódalas modificacións precisas, a fin de que fagan deles documentos vivos.

Obxectivos específicos e actividades a levar a cabo polo Departamento de Orientación

Os obxectivos formulados abranguen a toda a comunidade educativa:

Obxectivos referidos ao centro:

- Participar na revisión, actualización e desenvolvemento de plans e proxectos do centro co fin de adaptalos ás necesidades actuais e incidindo nos criterios organizativos, metodolóxicos e curriculares de carácter inclusivo para a atención a diversidade.
- Contribuír á dinamización da planificación e organización educativa.
- Contribuír á identificación e detección temperá das dificultades ou problemas de desenvolvemento e aprendizaxe e potenciar a posta en marcha de medidas e accións de carácter preventivo.
- Cooperar coa comunidade educativa (equipo directivo, profesorado..) e outras, favorecendo canles de comunicación e actuación.
- Potenciar a coordinación e cooperación entre o centro e as familias, facéndoas partícipes daqueles aspectos da orientación educativa nos que poden incidir en maior medida.

Obxectivos específicos referidos ao alumnado:

- Contribuír á personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe (medidas de atención á diversidade), impulsando iniciativas de compensación de desigualdades de orixe.



- Procurar a inclusión do alumnado con NEAE.
- Atender ás demandas persoais de orientación que se presenten, así como ás NEAE. Organizar os apoios do alumnado que o precise, tendo en conta a dispoñibilidade de horario do profesorado. Nestes apoios priorizarase aquel alumnado con Adaptación Curricular, con algún tipo de diagnóstico, repetidor e con informe psicopedagóxico.
- Potenciar a orientación educativa e profesional, sobre todo nos últimos cursos de educación primaria.
- Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con NEAE, concretando as pautas de actuación e medidas para a súa atención.
- Fomentar no alumnado as actitudes cooperativas.
- Facilitar o tránsito entre etapas educativas:
 - Educación infantil- educación primaria.
 - Educación primaria- educación secundaria obrigatoria.
- Mellorar o rendemento do alumnado nas competencias clave, especialmente na competencia en comunicación lingüística (comprensión e expresión) e competencia matemática.

Obxectivos referidos ao profesorado:

- Asesorar, apoiar e colaborar co profesorado na atención á diversidade.
- Coordinar a actuación do profesorado titor, do profesorado de apoio a NEAE e da Orientadora, de cara a dar resposta ás NEAE do alumnado.
- Asesorar aos equipos docentes e aos equipos directivos en temas de avaliación, promoción e titulación, as posibles consecuencias para o alumnado das correspondentes decisións e as opcións académicas que delas se derivan, así como asesoramento ao alumnado e as súas familias. Así mesmo, prestarase apoio técnico no referido á avaliación inicial do alumnado así como os criterios de avaliación formativa.
- Facer posible a colaboración do profesorado nas tarefas de acción tutorial e orientación educativa.



- Colaborar na resolución das necesidades que teñan os/as titores/as para levar a cabo a función tutorial.
- Apoiar a actuación do profesorado, proporcionándolle información sobre recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que poidan favorecer a súa labor docente e tutorial.

Obxectivos referidos ás familias e a comunidade:

- Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos marcados e potenciar as relacións familia-escola.
- Establecer contactos periódicos coas familias de forma individual ou colectiva, co fin de asumir conxuntamente a orientación educativa dos seus fillos/as.
- Informar e asesorar ás familias do alumnado con NEAE.
- Informar e asesorar sobre aspectos que corrixan desigualdades económicas.
- Asesorar ás familias orientándoas aos servizos que lles proporcionan asistencia e apoio que poidan precisar por estar en situación de desvantaxesocioeducativa, pertencer a minorías étnicas ou por estar vivindo situacións complexas ou problemáticas.
- Colaborar cos servizos de orientación: equipo de orientación específico (EOE), departamento de orientación dos IES ou doutros centros.
- Coordinar a intervención do departamento de orientación coas distintas institucións e profesionais que incidan na atención ao alumnado con NEAE (Saúde Mental Infantil-Xuvenil, UAMI, centros cívicos...)

Os obxectivos específicos do Departamento de Orientación debido a situación vivida pola pandemia por COVID-19, son os seguintes:

- Facilitar a expresión das emocións vividas no período previo á incorporación ao centro do alumnado.
- Axudar a regular as emocións no novo contexto de distanciamento social, e mesmo aqueles estados provocados pola situación de pandemia (medo, pánico).



- Desenvolver o pensamento positivo e a procura de solucións a este problema.
- Colaborar no desenvolvemento das competencias emocionais nas familias.
- Evitar alcumes, os xogos de infección, bromas de mal gusto relacionados coa situación derivada do virus.
- Sensibilizar de cara a como manter contacto afectivo cara os compañeiros/as enfermos/as a través dos medios telemáticos, así como traballar novas formas de como relacionarse, de saudarse, de despedirse, de mostrar afecto cara os/as compañeiros/as e os/as docentes.
- Detectar o alumnado en situación de desvantaxe socio-económica para planificar posteriores actuacións no ámbito educativo que axuden a compensar as súas necesidades.
- Orientar, informar e derivar aquelas familias en situacións máis vulnerables aos Servizos Sociais do Concello de Fene.

No cadro seguinte, amósase a temporalización das actividades que se van a levar a cabo no Departamento de Orientación durante o presente curso.



ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. CURSO 2020/21	
1º Trimestre	<p>Actividades dirixidas ao alumnado, mestres/as, familias e coordinación con outras institucións.</p> <p>Valoración e seguimento de alumnos/as con neae: reforzo/ACS.</p> <p>Deseño do plan anual de actividades do DO.</p> <p>Establecer e manter contactos e liñas de colaboración con aquelas institucións do entorno que sexa necesario: servizos sociais, sanitarios, terapéuticos, etc.</p> <p>Manter as liñas de colaboración cos Departamentos de Orientación dos centros públicos de Ferrolterra.</p> <p>Asistencia ás reunións de Departamento de Orientación establecidas polo instituto ao que estamos adscritos: CPI A Xunqueira.</p> <p>Probas estandarizadas. Rexistro fonolóxico (EI: 6º).</p> <p>Becas e axudas.</p>
	<p>Actividades dirixidas ao alumnado/familias.</p> <p>Seguimento e avaliación: período de adaptación e inicial.</p>



	<p>Entrevistas iniciais coas familias do alumnado con NEAE que se precise</p> <p>Actividades dirixidas ao profesorado.</p> <p>Contactos iniciais cos mestres tutores/as e especialistas.</p> <p>Coordinación PT e AL: deseño de intervencións.</p> <p>Participar nas sesións de avaliación.</p> <p>Actualización da dotación do departamento.</p> <p>Asesoramento na revisión de documentos de centro</p>
2º Trimestre	<p>(ás referidas no trimestre anterior engadimos as seguintes)</p> <p>Actividades dirixidas ao alumnado, mestres/as, familias.</p> <p>Probas estandarizadas</p> <p>Actividades dirixidas ao profesorado.</p> <p>Revisión dos criterios de promoción.</p>
3º Trimestre	<p>(ás referidas no trimestre anterior engadimos as seguintes)</p> <p>Actividades dirixidas ao alumnado, mestres/as, familias.</p> <p>.</p>



	Programa de cambio de etapa: paso á EP e á ESO e elaboración da memoria do Departamento de Orientación.
--	---

No Plan Anual das Actividades do Departamento de Orientación especificanse as actividades a levar a cabo nos tres escenarios posibles derivados da situación actual.

Anexo VII: Plan actuación TICS

MEMBROS

- No presente curso 2021-2022 as persoas que integran o equipo TICS son:
- Abel González Varela (Coordinador)
- Iria González Grande (Directora)
- Alberto Pernas Pérez (Titor de 2º EP)
- Alexandra Rodríguez Servia (Titora de 6º EP)

Para o presente curso 2021-22 pretendemos seguir impulsando, como xa vimos facendo desde hai tres cursos, o traballo de dinamización das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) coa fin de actualizar e renovar as prácticas docentes, acadar unha alfabetización dixital no alumnado co propósito de poder obter mellores resultados, aproveitando as vantaxes do emprego das mesmas como recurso educativo.

A escola, como educadora de futuros cidadáns, ten por meta transmitir aos mesmos as capacidades necesarias que lles dean acceso a todos os recursos TIC cos que poder interpretar e construír o seu propio coñecemento. Estes recursos deben ser introducidos nas aulas tanto como medio ao servizo do profesorado, coma medio para formar ao alumnado. Así pois, a aplicación das TICs ao traballo da aula, convértese nunha peza clave na educación actual e na formación das novas xeracións, non só pola súa importancia social e o lugar preferente na vida dos nenos/as que as fan imprescindibles nos centros educativos, senón tamén polo modo no que o alumnado adquira os coñecementos e habelencias necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización.

OBXECTIVOS XERAIS

- Seguir coa promoción do emprego das TICs como apoio no proceso de ensinanza - aprendizaxe.



- Afondar cara o alumnado na adquisición de coñecementos e habelencias precisas para o uso das TICs.
- Iniciar ou profundizar, segundo o caso, na capacitación do alumnado para a busca de información e tratamento crítico da mesma, neste medio que é Internet.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Dotar ao alumnado de estratexias para obter e xestionar a información obtida mediante o uso das TICs.
- Transmitir ao alumnado os coñecementos e as destrezas precisas para empregar as TIC dun xeito autónomo.
- Proporcionar ao alumnado a formación necesaria para acadar un nivel básico de competencia dixital.
- Potenciar a competencia de aprender a aprender a través da busca e a selección de información.
- Formar ao alumnado nun uso axeitado e seguro das novas tecnoloxías, facendo fincapé no respecto da propiedade intelectual e os riscos de Internet.
- Favorecer e impulsar a comunicación con outros compañeiros/as do seu centro ou doutros por medio destas ferramentas.
- Millorar as medidas de reforzo e de atención á diversidade no alumnado con NEAE.
- Compensar as limitacións de acceso ás TICs derivadas das desigualdades sociais.
- Empregar as TICs como recursos imprescindibles para o desenvolvemento do plan lector e a xestión da biblioteca.
- Colaborar desde a coordinación TIC cos equipos de dinamización: EDLG, Biblioteca Escolar e Actividades Extraescolares.
- Seguir actualizando a web do Centro co fin de mantela totalmente activa.
- Formar ao profesorado de nova incorporación no emprego da Aula Virtual así como Web educativa do centro.

- Ofrecer formación ao profesorado no emprego do Programa Edixgal (5º e 6º EP).
- Continuar coa introdución da robótica dentro do currículo de infantil e primaria.
- Formar ao profesorado e alumnado ao redor do mundo da robótica.
- Empregar a lóxica da programación e a robótica para o desenvolvemento no alumnado do pensamento lóxico-matemático.
- Loitar por tratar de dotar ao centro da infraestrutura precisa para poder desenvolver a competencia dixital de maneira axeitada.
- Tratar de manter o equipamento Tic no millor estado posible para a súa utilización.
- Potenciar actividades de participación de toda a comunidade educativa por medio das TICs.
- Continuar co emprego das TICs como ferramenta principal para a difusión de todos os aspectos relevantes que teñan que ver coa actividade do centro.
- Adquirir formación no emprego do Proxecto Digicraft.
- Fomentar a aprendizaxe por medio do procedemento STEM.
- Adquirir material para transformar a nova aula STEM.

CONTIDOS

EDUCACIÓN INFANTIL.

- Uso e coidado básico do ordenador: control do rato, recoñecemento e uso dalgunhas teclas do teclado, acendido e apagado do equipo.
- Uso da PDI e primeiros xogos educativos.
- Emprego de recursos TICs para a metodoloxía do traballo por proxectos no proceso de ensinanza - aprendizaxe.

EDUCACIÓN PRIMARIA.

- **O ordenador:** manexo básico do teclado (coñecemento e uso de recursos como “intro”, “espaciado”, “tabulación”, “maiúsculas”, “negriña”, “interliñado”, “suprimir”...), nocións básicas sobre utilización e conexión a outros periféricos ou internet.
- Uso e navegación responsable pola rede.
- Utilización de Wikipedia como enciclopedia libre, bibliotecas virtuais, blogues sobre bibliotecas escolares, actividades de animación lectora.
- Búsqueda de páxinas web, artigos, imaxes, vídeos ou xogos educativos co buscador “Google”.
- Coñecementos básicos sobre a maqueta libre do Proxecto Abalar: escritorio, aplicativos, unidades de almacenamento, programas, carpetas, arquivos...
- Creación de documentos en Open Office (cambios no formato da letra, inserción de imaxes, táboas, selección do texto, copiar, pegar, xustificar, etc.).
- Actividades complementarias relacionadas cos contidos académicos das distintas áreas.
- Continuación na aprendizaxe e familiarización do manexo da aula virtual.

As TICs E A LINGUA ESTRANXEIRA.

As novas tecnoloxías ofrecen multitude de posibilidades para axudar a millorar a efectividade das aprendizaxes do alumnado no relativo ás línguas estranxeiras dentro da aula. Son por tanto, recursos moi empregados polo profesorado de lingua estranxeira, tanto nos niveis educativos máis básico (EI) onde os soportes audiovisuais son esenciais para a presentación de información (CD, DVD...); como nos niveis superiores (EP). Aquí, ademais de empregalas Tics como recurso para a presentación de información, pódese reforzar e millorar a **adquisición de vocabulario e estruturas gramaticais** grazas a exercicios interactivos de rechea ocos, test online, exercicios de ordear frases, ditados e/ou vídeos. Ademais, a práctica de todo este tipo de tarefas ten a vantaxa de que o alumnado pode practicar desde a súa propia casa os contidos vistos durante as sesións. Contribúe a

achegar ao alumnado ás culturas de aqueles países onde fálase dita lingua (**cultura anglosaxona**).

O emprego da tecnoloxía na aula tamén ten beneficios en relación ás destrezas básicas de comprensión lectora, comprensión oral, produción escrita e produción oral. No relativo á **comprensión lectora** as Tics empréganse para a estimulación da comprensión escrita mediante a busca en Internet de textos axeitados ao nivel e aos contados que o/a docente desexe impartir en cada momento. Así existen numerosas ferramentas Tic para millorar a lectura (textos multimedia con imaxes, vídeos, audios...)

A **comprensión oral** tamén vese favorecida grazas á gran cantidade de material auditivo que existe para axudar ao alumnado a **comprender millor a linguaxe** empregada e que lle permita desenvolverse en diferentes situacións.

Mediante o uso das Tics o alumnado pode elaborar **producións escritas** nun procesador de textos (tipo “Word”), o que facilita a súa corrección e posterior edición. Outra ferramenta para traballar serían os exercicios gramaticais tan abundantes que ten a rede e que ofrece ao alumnado unha **corrección personalizada e instantánea** das súas respostas facéndoos máis conscientes dos seus erros.

Por último, a **produción oral** tamén vese beneficiada coa utilización de recursos como a grabación de sons e as videoconferencias con alumnos/as falantes da lingua inglesa. Isto axúdalles a crear situacións reais de conversa que fomentarán a adquisición e aprendizaxe de estratexias e hábitos de millora para a comprensión oral. Ademais, a grabación de sons e conversas permite a reprodución de estos en calquer momento e lugar, ofrecendo moitas posibilidades de millora. Por último, o emprego de **dicionarios interactivos** proporciona significados e á súa vez a pronunciación de sons, fonemas e palabras de forma simultánea.

As TIC E EDUCACIÓN ARTÍSTICA.

Como xa vimos ao longo dos diversos puntos anteriores, as TICs son moi importantes en todas as áreas, e non vai ser menos na Educación Artística, xa que o alumnado coñece e experimenta o potencial creativo e ademais, síntese competente no manexo das TICs. Pódense empregar nas aulas (partindo da base de ter medios dispoñibles, claro está) xa que os docentes podemos programar tarefas de educación artística xa sexa por medio de ordenadores ou pizarras dixitais interactivas (PDI). Todo isto conleva proporcionar os recursos necesarios para a alfabetización dixital, e a un desenvolvemento da competencia cultural e artística do individuo, como tamén a unha millora na formación do profesorado. Actualmente existen diversos programas que se poden traballar nas aulas con nenos/as tanto de educación infantil como de educación primaria para debuxar e pintar en diferentes texturas, facer gráficos facendo formas, volúmenes e movementos en 2D e 3D (“Pencil”, “Paint”, “Gimp”, “Tuxpaint”, “ArtRage”...) e outros tantos. Así mesmo existen moitas páxinas web que se poden traballar nas aulas, as cales ofrecen actividades, coñecementos e saberes varios grazas a blogs, páxinas de internet, aplicacións web, museos interactivos...

Respecto á Educación Musical, as TICs provocaron un troco consecuencia da revolución que estas supuxeron en xeral na sociedade e en particular na produción, edición e creación de partituras. Así pois, o alumnado pode acceder a calquer tipo de música e información non só nas aulas senón tamén nos seus fogares ou no día a día. Esta nova realidade posibilitouse grazas á difusión de Internet que permite construír novos coñecementos así como trascender os límites da aula.

Podemos dicir polo tanto, que a escolar debe responder ás esixencias da sociedade actual, facilitando deste xeito a construción da aprendizaxe e a interacción e o espírito crítico na educación musical. A educación musical non só debe de adaptarse á nova realidade musical coa chegada de Internet, senón que tamén favorece a unha aprendizaxe musical creativa, construtiva e significativa.

Cabe recordar que as aulas de música sempre estiveron ligadas a diferentes elementos: equipos de música, reprodutores de vídeo, gravadoras, cassetes, CD,

DVDs, teclados electrónicos, coa finalidade de favorecer o traballo do mestre/a e enriquecer as súas clases. Hoxe en día existen actualmente diversas aplicacións informáticas de softwares como editoras de partituras, programas de gravación de sons, creación de xogos musicais...e incluso micrófonos, altosfalantes, mesa de mezclas... En resumo, son parte de moitos elementos que por sí sós permiten ao docente xerar contidos musicais de carácter dixital.

Non podemos esquecernos así mesmo dos ordenadores con conexión a Internet, as PDI, os proxectores, as páxinas web, blogs, cámaras dixitais, etc. Todo no seu cómputo provocan unha serie de vantaxas que favorecen a aplicación das TICs na educación musical:

- **Mayor motivación e interese:** a educación musical parte da motivación porque ao alumnado góstalle a música, cantar, bailar ou interpretar. Co emprego das TICs prodúcese o mesmo interese. Por elo, se se combinan ambas tarefas, pode acadarse maior motivación no mesmo.
- **Incrementar a participación e interacción do alumnado:** as posibilidades tecnolóxicas poden abrir novas canles de participación e interacción entre o alumnado.
- **Fomentar a comunicación entre profesorado e o alumnado:** as TICs permiten abrir canles de comunicación para compartir recursos didácticos.
- **Desenvolvemento de habelencias na busca da información** (imáxenes, sons, vídeo, texto...): sendo selectivos. Seleccionando correctamente a información precisa e rexeitando a innecesaria.

AS TICs E A ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

A área de Educación Física sempre tivo máis dificultades no ámbito educativo en comparación co resto de áreas do currículo debido á escasa carga lectiva. Agora vese tamén prexudicada en parte respecto á inclusión das TICs. Por elo, os docentes de Educación Física son conscientes de que a súa área divídese en dúas partes: a parte práctica, que é a máis coñecida pola poboación en xeral (creendo a

vezes que é a única que existe nesta área), e a parte teórica, na que o alumnado adquire coñecementos e aprendizaxes de dita área, e que é menos coñecida. Nesta última vertente é onde parecería máis axeitado facer máis fincapé na incorporación das TICs como un excelente recurso de apoio nesta área educativa, facendo participe aos discentes da mesma. Así, coincidindo con Sáen-López (1997) no referente á necesidade da práctica para aprender Educación Física, por suposto, nada substitúe á práctica, pero é precisa e necesaria a xustificación de dito movemento; que o noso alumnado coñeza a fundamentación do que se fai en dita práctica.

A Educación Física pode, a través do uso educativo das TICs, transmitir os contidos teóricos dunha maneira máis eficaz e comprensible para o alumnado, sen perder tempo de práctica motora, e desenvolvendo no alumnado o carácter selectivo e crítico ante a información localizada.

Díaz Barahona (2012) destaca diversos argumentos a favor das TICs na área de Educación Física: *“Grazas ás TICs a ensinanza e aprendizaxe da Educación Física pódese personalizar e adaptar aos diferentes ritmos e capacidades de cada alumno/a individualmente, favorecendo a aprendizaxe de aqueles alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo”*.

Así pois, o/a docente de Educación Física debe incorporar na súa práctica educativa diferentes estratexias transformadoras, tomando en conta as TICs como un recurso máis dentro do contexto educativo.

AS TICs COMO RECURSO PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

As TICs son ferramentas versátiles, caracterizadas pola súa funcionalidade, que axudarannos a entender a realidade educativa e a atención á diversidade dun novo xeito. Esta reflexión centrarase nas potencialidades das TICs respecto á atención á diversidade, na que se intenta dar respostas desde os centros educativos.

Promover a inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), é un dos grandes retos das TICs que aportan numerosos recursos e aplicación para facilitar a aprendizaxe e a motivación do alumnado. No caso dos alumnos/as con TDAH, é preciso traballar aspectos como a atención, o autocontrol, a relación co grupo, entre outros. Así pois, o emprego destes recursos non se limita exclusivamente á aprendizaxe dos contidos curriculares, senón que ademais, tense en conta as propias emocións do estudante.

Como podemos saber, as TICs son ferramentas moi completas que estimulan diversas capacidades, como a creatividade ou xogo didáctico, transformando o proceso de ensinanza-aprendizaxe nun sistémico interactivo de aprendizaxe. Ao longo deste proceso, o estudante irá desenvolvendo habilidades como a autonomía persoal. Deste xeito, a aprendizaxe mediante as TICs, estimula a maioría das competencias claves (CCCC) especificadas na lexislación autonómica galega, como así recóllese no **Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia**, como a Competencia Dixital, Competencia de Aprender a Aprender, Competencia do Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor, etc.

Na actualidade, existen novas metodoloxías de aprendizaxe, que abogan polo uso das tecnoloxías nas aulas, como é o caso do “Scracht” ou a “Flipped-clasroom”. Estas metodoloxías activas son perfectas para o alumnado con TDAH, xa que espertan o seu interese pola aprendizaxe convertíndoo no protagonista do mesmo.

De sobras é sabido, que estas metodoloxías implica un gran esforzo para os profesionais da ensinanza, mestres/as, orientadores/as, outros especialistas, etc. que deberán amoldarse e formarse continuamente. Se os recursos variados que atopámonos na rede non se adaptaren ás necesidades concretas que buscáramos, existen diversas aplicacións, como “Genially” ou “Plickers”, a través das cales propónselle ao alumnado unha viaxe cara unha aprendizaxe lúdica, pensado por e para eles/as. O resultado sería unha aprendizaxe máis significativa, xa que terá en conta os seus gustos, intereses e afeccións.

Estos novos métodos son capaces de dar resposta ás demandas educativas dun alumnado heteroxéneo, sen que ningún estudante teña que saír da aula ordinaria. Preténdese favorecer así, a inclusión de todos os/as estudantes/as, considerando as súas fortalezas e debilidades e percibindo a diversidade como un valor. Segundo *Rodríguez e Arroyo (2014)*, “a escola debe ser para todos e todas as nenas, con independencia das súas características e deficiencias”.

As TICs aportan ao profesorado e aos orientadores/as, un amplo abano de recursos para traballar na aula, e incluso recursos interactivos para recomendárenselles ás familias (dipoiñendo de tempo libre e de xeito ameno, nunca forzado). Deste xeito, a tecnoloxía podería facilitar unha vez máis a coordinación familia – escola, xa que moitas aplicación funcionan como unha nube e as familias pode ver as tarefas que os seus fillos/as realizan na clase (caso de “Padlet”, “Symbaloo”, etc.). Esta observación das tarefas por parte das familias pode incrementar a autoestima do rapaz/a, alimentando un sentimento de autocreencia, mellorando as súas expectativas.

Por outra banda, as TICs ofrecen numerosas ferramentas para que o alumnado NEAE aprenda a organizar a súa actividade académica (tarefas, exames, etc.), como poden ser axendas virtuais, que fomentan a autoxestión do estudante e promoven unha aprendizaxe autorregulado.

Non obstante, a integración absoluta das TICs nas escolas conleva importantísimas inversións económicas, e por desgraza, esta non é unha realidade tanxible na maioría dos colexios. A actual situación que estamos a vivir pola Covid19, puxo de manifesto a imperiosa necesidade de invertir en tecnoloxía por todas as vantaxes que pode ofrecer cara a aprendizaxe. Cabe precisar a brecha dixital existente en moitos fogares e que repercute de xeito negativo nas aprendizaxes do alumnado afectado. Aínda así, a escola seguría poñendo todo o necesario para procurar non deixar atrás o ben máis prezado que dispón: o seu alumnado.

AS TICs E A XESTIÓN /ORGANIZACIÓN DO CENTRO.

- Biblioteca: Programa Meiga.
- Comunicación coa contorna e coas familias mediante a páxina web do centro.
- Emprego de comunicacións oficiais cara as familias por medio de Abalar Móbil.

ORGANIZACIÓN DAS TIC NO CENTRO.

A organización das TICs no centro xira ao redor do equipo directivo e posteriormente coa figura do Coordinador TICs do colexio.

Actualmente existe unha aula de informática que está aberta durante todo o horario lectivo. Cada mestre/a podería facer uso dela en calquer momento sempre e cando así o precise e non esté ocupada nese intre. Esta aula está dotada con once ordenadores con conexión cableada á rede e unha impresora. Aínda así, a situación actual da aula a día hoxe, con ordenadores moi obsoletos e pouco espazo para compartir, fai que practicamente ninguén faga uso da mesma. O ideal sería unha renovación total e absoluta de todos os equipos informáticos para poder voltar co alumnado a facer uso da mesma. Este feito vese moi complicado dada a experiencia negativa de anos anteriores respecto á excasísima dotación de material informático aos centros educativos por parte da Xunta.

O centro dispón de ordenadores en todas as aulas, que contan con conexión a internet para uso do profesorado (ordenadores moi obsoletos con constantes problemas de rede). Tamén conta con PDI en 9 aulas cos seus respectivos videoproectores (1 na aula de uso común de Educación Infantil, 6 en Educación Primaria, ademais de 1 na aula de Lingua Estranxeira Inglés, outra na aula de AL e outra na aula de Relixión Católica). Pese a todo é moi importante tratar de conseguir un equipo de PDI co seu respectivo proxector para cada unha das aulas de Educación Infantil sen necesidade de ter que compartir aula, PDI e proxector.

O despacho do equipo directivo (Dirección, Xefatura e Secretaría), a ANPA, así coma a Biblioteca, dispoñen de sendos equipos informáticos. Os ordenadores do

equipo directivo están conectados en rede a dúas impresoras/fotocopiadoras. Na sala do profesorado están instalados 3 ordenadores conectados igualmente en rede a calqueira das impresoras/fotocopiadoras para o seu uso docente.

A maiores hai varios ordenadores portátiles para o uso común de toda a comunidade educativa (igualmente obsoletos).

Este curso académico é o segundo ano no que o centro educativo acolleuse ao Programa Edixgal da Consellaría de Educación (5º e 6º EP). Dótaselle ao profesorado que incide no curso dun ordenador portátil en formato de cesión, ao igual que o alumnado de dito curso. O obxectivo que se busca con este programa, extensible para a vindeira etapa educativa da ESO, é o de promover a competencia dixital entre o alumnado e o profesorado evitando así o uso físico do libro de texto. Ao remate do curso escolar, tanto o alumnado como o profesorado, deberá facer entrega dos equipos en perfectas condicións.

AVALIACIÓN.

- A avaliación irá enfocada ao alumnado, ao profesorado (autoavaliación) e aos recursos TICs existentes no centro.
- Será unha avaliación inicial, continua e final coa fin de determinar:
- O nivel de competencia do alumnado en canto ao manexo das TICs.
- A motivación e interese do alumnado.
- A inclusión das TICs nas programación como recurso interdisciplinar e como contido académico.
- A análise cualitativa e cuantitativa dos recursos TICs existentes no centro
- Os métodos empregados serán a observación, as enquisas e o traballo do alumnado que ao final da Educación Primaria terá que amosar destrezas relacionadas cun uso axeitado e responsable das TICs

Anexo VIII: Concreción de ciclos

EDUCACIÓN INFANTIL:

ACTIVIDADES CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL:

Membros:

- Beatriz Gamallo (titora de 4º de E.I)
- Josefina Herreros Calvo (titora de 5º de E.I e coordinadora do ciclo)
- Mª Teresa Carpena Eiroa (titora de 6º de E.I.)
- Silvia Mª Filgueira Pena (mestra de apoio).

Saídas:

O ciclo de E.I. procurará realizar ao longo dos tres trimestres saídas a contorna, teatro, concertos, exposicións ,etc...que nos sexan ofertadas e tamén aquelas que estean relacionadas cos proxectos que esteamos a traballar.

Outras actividades:

Rematada esta etapa de Educación Infantil de encontro coa escola, cos outros e as outras, coa convivencia fóra do ámbito familiar, coas normas comúns, coa resolución de conflitos, desde o Centro téntase de planificar a actividade NOITE NO COLE como colofón singular á primeira e máis motivadora etapa escolar. Sempre teremos en conta e valoraremos se o avance da situación do Covid-19 nos permite levala a cabo.

Os obxectivos que pretendemos acadar con esta actividade son:

- Favorecer a autonomía individual nas capacidades relacionadas coa hixiene, o propio coidado...
- Promover a valoración das relacións afectivas establecidas na escola.
- Favorecer a disposición ao establecemento de relacións respectuosas e recíprocas con outras nenas e nenos.



- Desbotar estereotipos sexistas en relación coas actividades domésticas e de mantemento de vida saudable.
- Impulsar a colaboración co resto de compañeiros e compañeiras na vida da aula en situacións diferentes amosando a disposición para compartir e resolver pacificamente os conflitos.
- Promover a regulación do propio comportamento en relación coas demais persoas e as tarefas asignadas.
- Incentivar o interese por participar en actividades da vida cotiá e autonomía na súa realización.
- Favorecer o desenvolvemento de habilidades para a interacción e colaboración, así como unha actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e iguais aceptando a diversidade.
- Potenciar os hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Incentivar a planificación secuenciada da acción para resolver tarefas.
- Favorecer a aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamento, o descanso e a hixiene.
- Iniciar na práctica de accións e recoñecemento de situacións que favorezan a interacción e adquisición de hábitos saudables como a hixiene corporal e ambiental, a adecuada alimentación, o consumo responsable e o descanso.

En definitiva: autonomía, cohesión de grupo, experiencia de pasar unha noite fora da casa nun lugar axeitado como é o seu centro educativo, crecemento, responsabilidade, aceptación da axuda de outras persoas e valoración das e dos demais.....

A actividade NOITE NO COLE terá lugar ao fin de curso, preferentemente un venres e incluírá as seguintes actuacións: recepción do alumnado pola tarde, preparación común dos espazos a utilizar, preparación da cea, cear, recoller, participación en xogos e actividades diversas, preparación para durmir, almorzo pola mañá, recollida de materiais e obxectos persoais e entrega ás familias.

Nesta actividade participarán as titoras de El así como mestras e mestres de apoio. A noite pasarase na biblioteca na que se disporá das colchonetas do ximnasio debendo traer as nenas e nenos, ademais dos seus obxectos persoais (pixama, hixiene, muda) un saco de durmir.

Darase conta así mesmo ao Concello de Fene da dita actividade para que procuren a seguridade do alumnado e profesorado que desenvolvan a actividade.

Actividades de formación:

As mestras do equipo de Educación Infantil están inscritas no PFPP do centro e teñen previsto participar en cursos de formación a título individual.

1º CICLO:

Membros:

- Andrea Fernández López (Titora de 1º de E.P. e responsable do ciclo)
- Alberto Pernas Pérez (Titor de 2º de E.P.)
- Sabela Paz Romero (Mestra de música)
- Lorena López Ramudo (Orientadora)

Saídas:

Dada a incerteza sanitaria, as saídas están sen precisar, faremos aquelas nas que se garantan as condicións sanitarias e de seguridade. Tratarase de que as mesmas se relacionen co Proxecto Documental Integrado de centro que o presente curso escolar versa sobre a ciencia.

Actividades de formación:

Algúns membros do equipo formarán parte do PFPP que se vai levar a cabo este curso e que consta de varias liñas de actuación.

Tamén asistiremos a diversas actividades e xornadas de formación ofertadas polo Centro de Formación e Recursos do Profesorado.

2º CICLO:

Membros

- Ana M^a Barro Casas. (Mestra titora 4º de E.P.).
- M^a Carmen Leira Moreno. (Mestra titora de 3º de E.P.).
- Teresa M^a Anca Ardao (Mestra de Relixión Católica)
- Iria González Grande (Mestra de lingua estranxeira- inglés, e directora).

Saídas:

Dada a incerteza sanitaria, as actividades están sen precisar, pero faremos aquelas nas que sexa posible cumprir as medidas AntiCOVID e de ser posible unha por trimestre, sempre e cando a situación da pandemia o permita.

Posibles:

- saídas pola contorna.
- saídas para actividades promovidas polo concello de Fene.
- saídas sen concretar nas que sexa preciso usar o transporte.

Actividades de formación:

Algúns membros do equipo formarán parte do PFPP que se vai levar a cabo este curso e que consta de varias liñas de actuación.

Tamén asistiremos a diversas actividades e xornadas de formación ofertadas polo Centro de Formación e Recursos do Profesorado.

3º CICLO:

Membros:



- Abel González Varela (especialista en E.F.) nestes momentos de baixa e substituído por Sandra Martínez Blanco
- Macarena Espiñeira Filgueiras (especialista en P.T.)
- Isabel Torrente Seco (titora de 6º) nestes momentos de baixa e substituída por Alexandra Rodríguez Servia
- Bibiana Grandal Mourente (titora de 5ºA e especialista de inglés)
- Cristina Acevedo Varela (titora de 5º B e coordinadora do ciclo).

Saídas:

Se a actual situación o permite, este curso continuaremos levando a cabo actuacións de forma transversal, en calquera das áreas e durante todo o curso, encamiñadas a fomentar as vantaxes de levar un estilo de vida saudable, e centrándonos na alimentación, o exercicio físico e o uso seguro dos dispositivos móbiles e de internet.

Outras actividades:

No tema da alimentación, intentaremos contactar con persoal especialista para que fale co alumnado sobre as necesidades de alimentarse ben e sobre problemas alimenticios como alerxias, diabetes ou a celiaquía, coas que convivimos a diario.

Así mesmo, propoñerémolles distintas actividades físicas e deportivas que estean ao seu alcance.

Como en anos anteriores, o alumnado de quinto e sexto non utilizará o transporte para participar nas actividades e saídas nas que poidan ir a pé (biblioteca, xornadas deportivas). Fomentaremos as rutas de sendeirismo como actividade de lecer, intentando realizar polo menos unha por trimestre.

Por outra banda, intentaremos realizar saídas culturais, dependendo da oferta da nosa contorna e os nosos intereses educativos. Deste xeito, estaremos

atentos ás actividades ofertadas por institucións e centros culturais próximos que non supoñan un elevado custo de desprazamento por parte das familias.

Cabe a posibilidade de que alumnado de sexto realice unha saída de varios días no mes de xuño ou mediados de maio dentro da nosa comunidade como remate de fin de etapa.

Participaremos no programa Cinensino, no caso de ser ofertado, para traballar a partir de películas aspectos relevantes para o alumnado como as desigualdades, a aceptación das diferenzas, a importancia do traballo en equipo, etc.

Intentaremos ofertar o programa director da garda civil para falar sobre as redes sociais e a seguridade en internet. Ademais, estaremos atentos a todas as propostas externas que poidan ir xurdindo ao longo do curso relativas a dito tema para acudir ás que resulten interesantes.

O noso alumnado participará no PDI (Proxecto Documental Integrado) do centro que este curso versará sobre a ciencia e que leva de nome PINGAS CIENTÍFICAS, no que abordaremos a importancia deste ámbito na nosa vida.

Actividades de formación:

Algúns membros do ciclo imos formar parte do PFPP que se vai levar a cabo este curso e que constará de varias liñas de actuación.

Tamén participaremos en actividades de formación relacionadas con Edixgal.

Durante o curso escolar, assistiremos a diversas actividades e xornadas de formación ofertadas polos Centros de Formación do Profesorado.